# PROGRAMACIÓNS DE:

- LATÍN 4º ESO LOMCE
- LATÍN 2º BACHARELATO LOMCE
- GREGO 2º BACHARELATO LOMCE

CURSO 2022-2023

IES RAMÓN CABANILLAS

CAMBADOS

# PROGRAMACIÓN DE LATÍN 4º ESO LOMCE

CURSO 2022-2023

IES RAMÓN CABANILLAS

CAMBADOS

ÍNDICE


- 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. OBXECTIVOS DA MATERIA DE LATÍN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
- TÁBOA QUE RECOLLE A RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE
- 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE
  - 4. A. TEMPORALIZACIÓN
  - 4.B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.
  - 4.C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
- 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA(*VER TAMÉN ANEXO IX)
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. (*VER TAMÉN ANEXO IX)
- 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO (*VER TAMÉN ANEXO IX)
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
- 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
- 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS

NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS

- 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR
- 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS
- 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS

ANEXO I. RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO

ANEXO II. RÚBRICA PARA AVALIAR A PLANIFICACIÓN

ANEXO III. RÚBRICA PARA AVALIAR A MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

ANEXO IV. RÚBRICA PARA AVALIAR O DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

ANEXO V. RÚBRICA PARA AVALIAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

ANEXO VI. MODELO PROPOSTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL EN LATÍN 4º

ANEXO VII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

ANEXO VIII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE NO GRUPO

**ANEXO IX. ADAPTACIÓN Á DOCENCIA SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL**

# LATÍN 4º ESO

**DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**

**Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No curso académico 2022-2023 tomarán como referencia a LOMCE os cursos 2º e 4º da ESO e 2º de Bacharelato.

Esta é unha materia do bloque de materias troncais.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental.

Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

O I.E.S. Ramón Cabanillas de Cambados acolle a alumnos de diversa procedencia e situacións dispares. Cada vez é mais frecuente a chegada de alumnos doutros países, normalmente nunha situación escolar bastante deficitaria. Non é habitual a presenza neste centro de alumnado con condutas disruptivas, e menos en Bacharelato.

O contexto socioeconómico e cultural das familias da maioría dos alumnos non difire moito do que se pode atopar noutras vilas da comarca: os piares son o mar, o viño e o turismo.  En determinadas épocas (por exemplo, a da vendima) pode aumentar o absentismo en parte do alumnado

pola necesidade de axudar ás súas familias. O nivel xeral é medio ou medio-baixo, e non son casos illados os das familias con problemas económicos. Constátase ás veces pouca implicación dos proxenitores na educación dos fillos. Todo isto ten repercusións a nivel académico.

Á hora de facer a programación non se sabe con seguridade que alumnado haberá. Por iso non é posible tratar aquí cuestións como facer unha análise dos resultados académicos de cursos anteriores, indicar o número de repetidores ou asegurar cal é o idioma predominante no alumnado.

A materia será impartida pola profesora de ensino secundario Mª del Carmen Álvarez Pablos, xefa de Departamento de Latín e Grego.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

. Comunicación lingüística. (CCL)

. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)

. Competencia dixital. (CD)

. Aprender a aprender. (CAA)

. Competencias sociais e cívicas. (CSC)

. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)

. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

*ORDE ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE, 29/01/15).*

Artigo 5. As competencias clave no currículo.

“O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliables das diferentes áreas ou materias que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia (perfil de competencia).”

Artigo 7. A avaliación das competencias clave.

“ A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.”

“ Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación.”

“ Os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.”

## COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Tendo en conta o anterior, poderían ser avaliados tamén mediante as rúbricas correspondentes estes estándares relacionados con esta competencia.

| | |
|---|---|
| ▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA **EXPRESIÓN ESCRITA LA-R4-CCL-EE (Latín-Rúbrica 4º ESO-Competencia en comunicación lingüística-Expresión escrita)**

| RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA **EXPRESIÓN ESCRITA LA-R4-CCL-EE** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS** | **Nivel 3** | **Nivel 2** | **Nivel 1** | **Nivel 0** |
| **CORRECCIÓN FORMAL** | - non presenta faltas de ortografía nin de acentuación.<br>- presentación clara, limpa e ordenada. | - presenta algúns erros leves de ortografía e /ou acentuación.<br>- presentación bastante clara, limpa e ordenada. | - presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación.<br>- presentación pouco clara, limpa e ordenada. | - presenta moitas faltas de ortografía e acentuación.<br>- presentación nin limpa, nin clara nin ordenada.<br>- insuficiente para avaliar. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **COHERENCIA E COHESIÓN** | - a información está ben estruturada en oracións e parágrafos.<br>- emprega correctamente os conectores. | - a información ten poucos erros de estrutura.<br>- emprega adecuadamente os conectores pero de xeito repetitivo. | - os problemas de coherencia non afectan á comunicación.<br>- bastantes erros no uso de conectores. | - os problemas de coherencia afectan á comunicación.<br>- ausencia ou mal uso dos conectores.<br>- insuficiente para avaliar. |
| **RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL** | - utiliza estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros. | - utiliza estruturas morfosintácticas variadas, con erros menores que non impiden a comprensión. | - utiliza estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes. | - estruturas morfosintácticas son incorrectas na súa maioría.<br>- insuficiente para avaliar. |
| **RIQUEZA LÉXICA (VOCABULARIO)** | - emprega vocabulario preciso e variado.<br>- incorpora o léxico aprendido. | - emprega vocabulario preciso pero pouco variado.<br>- incorpora parte do léxico aprendido.<br>-as incorreccións son escasas. | - emprega vocabulario limitado.<br>- presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico. | - vocabulario moi básico, repetitivo.<br>- con moitas incorreccións e imprecisións.<br>-insuficiente para avaliar. |

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA **EXPRESIÓN ORAL LA-R4-CCL-EO (Latín-Rúbrica 4º ESO-Competencia en comunicación lingüística-Expresión oral)**

| RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA **EXPRESIÓN ORAL LA-R4-CCL-EO** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS** | **Nivel 3** | **Nivel 2** | **Nivel 1** | **Nivel 0** |
| **EXPRESIÓN FORMAL** | - boa pronunciación e entoación.<br>- linguaxe non verbal destacable. | - a pronunciación e entoación é aceptable.<br>- linguaxe non verbal axeitada. | - pronunciación e entoación deficiente.<br>- linguaxe non verbal escasa | - pronunciación e entoación moi deficiente<br>- carece de linguaxe non verbal<br>- insuficiente para avaliar. |
| **COHERENCIA E COHESIÓN** | - a información está ben estruturada en oracións e parágrafos.<br>- emprega correctamente os conectores. | - a información ten poucos erros de estrutura.<br>- emprega adecuadamente os conectores pero de xeito repetitivo. | - os problemas de coherencia non afectan á comunicación.<br>- bastantes erros no uso de conectores. | - os problemas de coherencia afectan á comunicación.<br>- ausencia ou mal uso dos conectores.<br>- insuficiente para avaliar. |
| **RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL** | - utiliza estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros. | - utiliza estruturas morfosintácticas variadas, con erros menores que non impiden a comprensión. | - utiliza estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes. | - estruturas morfosintácticas son incorrectas na súa maioría.<br>- insuficiente para avaliar. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **RIQUEZA LÉXICA (VOCABULARIO)** | - emprega vocabulario preciso e variado.<br>- incorpora o léxico aprendido. | - emprega vocabulario preciso pero pouco variado.<br>- incorpora parte do léxico aprendido.<br>-as incorreccións son escasas. | - emprega vocabulario limitado.<br>- presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico. | - vocabulario moi básico, repetitivo.<br>- con moitas incorreccións e imprecisións.<br>-insuficiente para avaliar. |

Para avaliar a comprensión oral e/ou escrita deseñaranse polo Departamento probas co formato de preguntas pechadas do seguinte xeito:

- Respostas tipo verdadeiro/falso ou de elección múltiple a cuestións tratadas na explicación ou texto oral traballado.
- Ordenación de parágrafos en función da secuencia na que deberían ir para que teña sentido o texto, presentando unha serie de parágrafos desordenados que o alumnado ten que ordenar para que o texto estea cronoloxicamente correcto, ou simplemente para que teña sentido.
- Inserir a palabra axeitada nos ocos que aparecen nun texto. As posibles palabras ofrécense ou non ao alumnado e este debe colocalas de forma que o texto teña sentido.
- Relacionar columnas.
- Completar un texto cunha frase (escollida entre varias) no lugar que lle corresponde.

Este tipo de probas poderá aplicarse a actividades diversas, textos e distintos instrumentos de avaliación relacionados cos diferentes estándares.

## C. APRENDER A APRENDER

Dos estándares relacionados con esta competencia, estes poderían ser avaliados tamén mediante as rúbricas correspondentes, aínda que a observación do traballo do alumnado, as probas e os traballos resultan suficientes para avaliar esta e outras competencias..

| | |
|---|---|
| ▪ LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | |
|---|---|
| ▪ LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CD<br>▪ CAA |

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER: LA-R4-CAA **(Latín-Rúbrica 4º ESO-Competencia en aprender a aprender)**

| RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE APRENDER A APRENDER **LA-R4-CAA** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS** | Nivel 3 | Nivel 2 | Nivel 1 | Nivel 0 |
| **ESFORZO E PERSEVERANCIA** | - Esfórzase moito.<br>- Autoavalíase correctamente. | - Esfórzase.<br>- Autoavalíase regularmente. | - Esfórzase pouco.<br>- Autoavalíase ocasionalmente. | - Non se esforza nada.<br>- Non se autoavalía nunca. |
| **ADQUIRIR CONFIANZA EN SÍ MESMO E INTERESE POR APRENDER** | - Participa activamente.<br>- Presta atención sempre.<br>- Ten iniciativa. | - Participa bastante.<br>- Normalmente presta atención.<br>- Ten bastante iniciativa | - Pouca participación.<br>- Pouca atención.<br>- Pouca iniciativa. | - Non participa.<br>- Non presta atención.<br>- Non ten iniciativa. |
| **ESTRATEXIAS PARA RESOLVER TAREFAS/PROBLEMAS** | - Sempre identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa. | - Case sempre é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa. | - Só ás veces é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa. | - Non é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa. |
| **XESTIÓN E CONTROL DA SÚA PROPIA APRENDIZAXE** | - Sempre planifica e organiza actividades e tempos. | - Case sempre planifica e organiza actividades e tempos. | - De cando en vez planifica e organiza actividades e tempos. | - Non planifica nin organiza actividades nin tempos. |

## C. SOCIAIS E CÍVICAS. DESTREZA DO TRABALLO EN GRUPO.

É discutible a que competencia asociar esta destreza, pois hai argumentos para relacionala coa competencia social e cidadá pero tamén coa de Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Para avaliar a destreza de "traballo en grupo" o alumnado pode elaborar traballos en grupo sobre algúns estándares do bloque 5, que aparecen no apartado catro da programación avaliables tamén mediante a rúbrica correspondente. Ademais é posible avaliar esta destreza observando na aula a resolución de actividades en grupo.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA DESTREZA DO TRABALLO EN GRUPO: **LA-R4-CSC-TG (Latín-Rúbrica 4º ESO-CSC- Traballo en grupo)**

| RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA DESTREZA DO TRABALLO EN GRUPO **LA-R4-CSC-TG** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS** | **Nivel 3** | **Nivel 2** | **Nivel 1** | **Nivel 0** |
| **TRABALLANDO COS OUTROS** | - Sempre escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.<br>-Trata de manter a unión dos membros traballando en grupo. | -Usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros. | -Ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo doutros. | -Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros. |
| **CONTRIBUCIÓN** | - Proporciona sempre ideas útiles cando participa no equipo e na discusión en clase. | - En xeral, proporciona ideas útiles cando participa no equipo e na discusión en clase. | - Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no equipo e na discusión en clase. | -Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no equipo e na discusión en clase. |
| **MANEXO DO TEMPO** | - Sempre entrega o seu traballo a tempo e o grupo non ten que modificar as datas ou prazos. | - En ocasións retrásase na entrega do seu traballo a tempo aínda que o grupo non ten que modificar as datas ou prazos. | - Moitas veces entrega o seu traballo fóra de prazo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos. | - Nunca entrega o seu traballo a tempo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos. |
| **RESOLUCIÓN DE CONFLITOS** | - Sempre busca e suxire solución aos problemas. | - Case sempre busca e suxire solución aos problemas. | - Non suxire solucións, pero está disposto a tratar solucións propostas por outros. | - Non trata de resolver os problemas nin axuda a outros a resolvelos.<br>-Deixa que outros fagan o traballo. |

## C. MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Dos estándares relacionados con esta competencia, estes poderían ser avaliados tamén mediante a observación do traballo do alumnado, as probas e os traballos.

| | |
|---|---|
| ▪ LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |

## C. SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Dos estándares relacionados con esta competencia, estes poderían ser avaliados tamén mediante a observación do traballo do alumnado, as probas e os traballos.

| | |
|---|---|
| ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

## C. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Dos estándares relacionados con esta competencia, estes poderían ser avaliados tamén mediante a observación do traballo do alumnado, as probas e os traballos correspondentes.

| | |
|---|---|
| ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | |
|---|---|
| ▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| ▪ LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| ▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

**C. DIXITAL**

Será avaliada mediante traballos relacionados con estándares de distintos bloques, e especialmente do bloque 5.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.

Non é obrigatorio.

TÁBOA QUE RECOLLE A RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| | Latín. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ e<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. | ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ f<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos | | | |
| ▪ e | ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | ▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | ▪ CD<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ e | ▪ B2.2. Orixes do alfabeto latino. | ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. | ▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | ▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ h | ▪ B2.3. Pronuncia do latín. | ▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. | ▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | ▪ CCL |
| | Bloque 3. Morfoloxía | | | |
| ▪ b | ▪ B3.1. Formantes das palabras. | ▪ B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras. | ▪ LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. | ▪ LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | ▪ CAA<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | ▪ CCL |
| | Bloque 4. Sintaxe | | | |
| ▪ f | ▪ B4.1. Elementos da oración. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | ▪ CMCCT |
| ▪ h | ▪ B4.2. Casos latinos. | ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | ▪ LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | ▪ LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL |
| ▪ b | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CCA<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas. | ▪ LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. | ▪ B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. | ▪ LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | ▪ CCL |
| | Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ f<br>▪ e<br>▪ ñ | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD |
| | | | ▪ LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ ñ | ▪ B5.2. Organización política e social de Roma. | ▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. | ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ c<br>▪ ñ | ▪ B5.3. A familia romana. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ n<br>▪ ñ | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ m | ▪ B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. | ▪ B5.6. Recoñecer os tipos de viven- da empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. | ▪ LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vi- venda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ ñ | ▪ B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. | ▪ B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. | ▪ LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | Bloque 6. Textos | | | |
| ▪ h | ▪ B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. | ▪ B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. | ▪ LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ o | ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | ▪ LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ h | ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | ▪ B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | ▪ LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ f | ▪ B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. | ▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b | ▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | ▪ LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | ▪ CCL |
| ▪ g | ▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | ▪ LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | ▪ CCL |
| | Bloque 7. Léxico | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | ▪ LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | ▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ ñ<br>▪ o | ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | ▪ LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ b | ▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual. | ▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | ▪ LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. | ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

# 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE

## A. TEMPORALIZACIÓN.
## B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.
## C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Táboa coas competencias, EA, temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

| **Materia: LATÍN 4º ESO** | **Estándares de aprendizaxe** | **Temporalización por avaliacións** | | | **Grao mínimo de consecución** | **Procedementos e instrumentos de avaliación** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | PROBA ESCRITA | TRAB. IND. / GRUPO | CAD. |
| **Competen-cias clave** | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | | PROBA ORAL | RÚBR. | OBSERV. AULA |
| Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | | | | | | |
| ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC | LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | x | | | Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con bastante precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | x | | | Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias con certa precisión e axuda puntual, e delimita nun mapa con algunhas incorreccións a zona de orixe e as zonas de expansión. | CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD | LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | x | | | Identifica con certa precisión e axuda puntual as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasificando as primeiras en familias lingüísticas e delimitando nun mapa as zonas onde se utilizan con algunhas incorreccións. | |
| ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD | LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | x | | | Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, e delimita nun mapa con bastante exactitude as zonas onde se utilizan. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | x | x | x | Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe con poucas incorreccións. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LAB1.6.1.Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | x | x | x | Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando case sempre correctamente as regras fonéticas de evolución. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos | | | | | | |
| ▪ CD<br>▪ CCEC | LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | x | | | Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función con algunha axuda. | CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CAA<br>▪ CD | LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | x | | | Explica a grandes trazos a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona con axuda cada un coas linguas que os empregan. | CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | x | x | x | Adoita ler en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | PROBA ORAL<br>OBSERVACIÓN |
| Bloque 3. Morfoloxía | | | | | | |
| ▪ CMCCT<br>▪ CCL | LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | x | | | Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando con bastante corrección lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma con certa claridade. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CAA | LAB3.2.1.Distingue palabras variables e invariables, | x | | | Distingue con bastante precisión palabras variables | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL | explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | | | | e invariables, e explica os trazos que permiten identificalas. | |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | x | | | Define o concepto de declinación e conxugación. | |
| ▪ CD<br>▪ CCL | LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | x | x | x | Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LAB3.4.2.Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | x | x | x | Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | x | | | Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado con corrección. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | x | | | Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | x | x | x | Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CCL | LAB3.6.2.Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | | | x | Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo con bastante corrección pero pouca destreza. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | | | x | Identifica formas persoais e non persoais dos verbos, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | x | x | x | Traduce xeralmente con bastante corrección ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| Bloque 4. Sintaxe | | | | | | |
| ▪ CMCCT | LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | x | x | x | Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos adaptados con bastante adecuación, identificando case sempre correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CAA<br>▪ CCL | LAB4.2.1.Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | x | | | Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | x | x | x | Traduce case sempre correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta con poucos erros en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | x | x | x | Recoñece case sempre nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta con poucos erros en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL | LAB4.4.1.Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | x | | | Compara e clasifica con bastante corrección tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL | LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples. | | x | x | Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples con bastante corrección. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | | | x | Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente na maioría das ocasións. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización | | | | | | |
| ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | LAB5.1.1.Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | x | x | x | Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | x | x | x | Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente con bastante acerto. | |
| ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | x | x | x | Pode elaborar, de forma bastante ordenada e coherente, eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | LAB5.1.4.Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | x | x | x | Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCL | LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | | x | | Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO |
| ▪ CSIEE<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | | x | | Describe a organización da sociedade romana, explicando a grandes trazos as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, en comparación cos actuais. | TRABALLO INDIVIDUAL OU EN GRUPO, CON EXPOSICIÓN<br>RÚBRICA LA-R4-CSC-TG (POSIBILIDADE)<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EE<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EO<br>PROBA ESCRITA |
| ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | | x | | Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | TRABALLO INDIVIDUAL OU EN GRUPO, CON EXPOSICIÓN<br>RÚBRICA LA-R4-CSC-TG (POSIBILIDADE)<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EE<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EO<br>PROBA ESCRITA |
| ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CD | LAB5.4.1.Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | x | x | x | Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando sen moitos detalles os trazos que os caracterizan e establecendo con bastante coherencia relacións entre os deuses máis importantes. | TRABALLO INDIVIDUAL OU EN GRUPO, CON EXPOSICIÓN<br>RÚBRICA LA-R4-CSC-TG (POSIBILIDADE)<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EE<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EO<br>PROBA ESCRITA |
| ▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | x | x | x | Recoñece e ilustra con algúns exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos. | CADERNO |
| ▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA | LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | | x | | LAB5.6.1. Distingue e describe de xeito xeral o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | TRABALLO INDIVIDUAL OU EN GRUPO, CON EXPOSICIÓN<br>RÚBRICA LA-R4-CSC-TG (POSIBILIDADE)<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EE<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EO<br>PROBA ESCRITA |
| ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT | LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | | x | | Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | TRABALLO INDIVIDUAL OU EN GRUPO, CON EXPOSICIÓN<br>RÚBRICA LA-R4-CSC-TG (POSIBILIDADE)<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EE<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EO |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCEC | | | | | | PROBA ESCRITA |
| | | | Bloque 6. Textos | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LAB6.1.1.Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | x | x | x | LA-R4-CAA (mínimo 6 de 12) | RÚBRICA LA-R4-CAA<br>PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LA1B6.2.1.Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | x | x | x | LA-R4-CAA (mínimo 6 de 12) | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | x | x | x | LA-R4-CAA (mínimo 6 de 12) | |
| ▪ CCEC<br>▪ CCL | LAB6.4.1.Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | x | x | x | LA-R4-CCL-EE (mínimo 6 de 12)<br>LA-R4-CCL-EO (mínimo 6 de 12) | RÚBRICA LA-R4-CCL-EE<br>RÚBRICA LA-R4-CCL-EO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | x | x | x | LA-R4-CAA (mínimo 6 de 12) | RÚBRICA LA-R4-CAA<br>*PREGUNTAS PECHADAS (COMPRENSIÓN) |
| ▪ CCL | LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | | | x | Intenta redactar frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | | | x | Intenta manter un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | OBSERVACIÓN |
| | | | Bloque 7. Léxico | | | |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | x | x | x | LA-R4-CAA<br>(mínimo 6 de 12) | RÚBRICA LA-R4-CAA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CAA | LAB7.1.2.Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | x | x | x | LA-R4-CAA<br>(mínimo 6 de 12) | |
| ▪ CMCCT<br>▪ CCL | LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | x | x | x | Identifica e explica con bastante corrección os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | PROBA ESCRITA<br>CADERNO<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | x | x | x | Identifica con bastante acerto a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica con certa corrección o seu significado. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado cando se expresa na súa propia lingua. | x | x | x | Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado cando se expresa na súa propia lingua con bastante acerto. | |

## 4. A. TEMPORALIZACIÓN

Circunstancias diversas (enfermidades, imprevistos, actividades extraescolares programadas polos diversos departamentos, distintos ritmos de aprendizaxe...) fan aconsellable certa flexibilidade ao planificar a temporalización, e facela por avaliacións ou trimestres, e non por semanas ou sesións.
Dentro de cada avaliación, sempre que sexa posible, haberá dúas ou tres probas repartidas equilibradamente. Farase avaliación continua e sempre entrará todo o estudado previamente, salvo nos temas do Bloque 1 (O latín, orixe das linguas romances) e do Bloque 5 (Roma: historia, cultura e civilización), dos que só serán avaliados cando corresponda segundo a secuenciación seguinte:

### 1ª AVALIACIÓN

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

1. Marco xeográfico da lingua.
2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.
3. Linguas de España: linguas romances e non romances.
4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos

1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.
2. Orixes do alfabeto latino.
3. Pronuncia do latín.

Bloque 3. Morfoloxía

1. Formantes das palabras.
2. Tipos de palabras: variables e invariables.
3. Concepto de declinación e conxugación.
4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. Primeira e segunda declinación. Adxectivos da primeira clase.
5. Flexión verbal. Enunciado e clasificación dos verbos. Modelos. Presente, pretérito imperfecto e futuro imperfecto de indicativo activos.

Bloque 4. Sintaxe

1. Elementos da oración. Funcións das palabras na oración.
2. Casos latinos. Funcións e tradución.
3. Concordancia. Tradución e retroversión.
4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

1. Períodos da historia de Roma. O mito da fundación de Roma e a súa base histórica. Monarquía.

4. Mitoloxía e relixión. Principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

Bloque 6. Textos

1. Análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos de dificultade graduada, para efectuar a súa tradución ou retroversión.
2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
3. Iniciación ás técnicas de tradución.
4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Realización de comentarios sobre determinados aspectos culturais e elaboración de mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos.

Bloque 7. Léxico

1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
3. Locucións latinas de uso actual.

**2ª AVALIACIÓN**

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 3. Morfoloxía

4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. Terceira, cuarta e quinta declinación. Adxectivos da segunda clase.
5. Flexión verbal. Pretérito perfecto, pretérito pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo activos.

Bloque 4. Sintaxe

1. Elementos da oración. Funcións das palabras na oración.
2. Casos latinos. Funcións e tradución.
3. Concordancia. Tradución e retroversión.
5. Oración composta: oracións coordinadas.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

1. Períodos da historia de Roma. República.
2. Organización política e social de Roma.
3. A familia romana.
4. Mitoloxía e relixión. Principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.
6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.

Bloque 6. Textos

1. Análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos de dificultade graduada, para efectuar a súa tradución ou retroversión.
2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
3. Iniciación ás técnicas de tradución.

4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Realización de comentarios sobre determinados aspectos culturais e elaboración de mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos.

Bloque 7. Léxico

1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
3. Locucións latinas de uso actual.

**3ª AVALIACIÓN**

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Bloque 3. Morfoloxía

4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. Pronomes latinos.
5. Flexión verbal. Presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo pasivos.

Bloque 4. Sintaxe

1. Elementos da oración. Funcións das palabras na oración.
2. Casos latinos. Funcións e tradución.
3. Concordancia. Tradución e retroversión.
5. Oración composta: oracións coordinadas.
6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

1. Períodos da historia de Roma. Imperio.
4. Mitoloxía e relixión. Principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

Bloque 6. Textos

1. Análise morfolóxica e sintáctica de frases e textos de dificultade graduada, para efectuar a súa tradución ou retroversión.
2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
3. Iniciación ás técnicas de tradución.
4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. Realización de comentarios sobre determinados aspectos culturais e elaboración de mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos.
5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.

Bloque 7. Léxico

1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
3. Locucións latinas de uso actual.

**4. B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

Aparece na táboa.

**4. C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.** ANEXO I.

O sistema empregado será o de avaliación continua. O número de alumnos permite seguir a diario os seus progresos e que a súa participación sexa constante.
A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas debe levarse a cabo por medio dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación do traballo diario
- Análise de tarefas.
- Realización de probas específicas.

***Traballo diario***

É fundamental a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:
-preguntas frecuentes na aula.
-seguimento do caderno do alumno.
-observación do grao de participación na clase.
Deste xeito o profesorado observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente. Como ferramenta para avaliar o caderno (os apuntes de clase e a resolución individual de actividades) achégase unha rúbrica (anexo I).
As actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo, quedarán recollidas no caderno de clase, que será presentado para a súa valoración cando a profesora o requira.

***Tarefas puntuais***
É importante que o alumno se achegue á civilización clásica directamente, e que controle os mecanismos para facer pequenos traballos de investigación. Valorarase:
-a puntualidade na data de entrega prevista.
-a presentación do traballo.
-a comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
-a elaboración persoal.
-a exposición oral.

- Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, escritos e con exposicións orais. Farán como mínimo un traballo relacionado coa cultura e civilización romana que, tras ser corrixido pola profesora, exporán ante os seus compañeiros oralmente co apoio de medios audiovisuais. Ao remate presentarán actividades o máis interesantes, imaxinativas e creativas posible, coas que se comprobará o interese, atención e asimilación do exposto por parte dos compañeiros. Estes valorarán os traballos e as actividades propios e dos demais segundo unhas pautas dadas pola profesora.

***Probas específicas***
Poderán facerse:
-probas escritas con exercicios de morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía e latinismos.
-probas escritas ou orais do temario de cultura e civilización.
-probas orais de control de lecturas fixadas.

- As probas escritas ou controis orais servirán para comprobar a correcta asimilación do estudado. Se as circunstancias o permiten, haberá como mínimo por avaliación dúas ou tres probas escritas obxectivas nas que os alumnos/as haberán de responder ás cuestións propostas. Nas probas haberá preguntas para desenvolver e outras tipo test, de completar ocos, de relacionar, de escoller opcións... En cada proba disporán de información precisa sobre a puntuación de cada pregunta e os criterios de corrección.

***Rúbricas e preguntas para avaliar a comprensión***

Pódense empregar as rúbricas que aparecen no apartado dous da programación para avaliar a competencia en comunicación lingüística nas súas destrezas expresión oral e escrita, a competencia de aprender a aprender e a destreza de traballo en grupo. Para avaliar as destrezas de comprensión oral e escrita, en cambio, é preferible facer preguntas pechadas como se indica nese apartado.

Debido ás características dos estándares que aparecen nesta materia é necesario aplicar as rúbricas e preguntas pechadas a diferentes tarefas e probas orais ou escritas. Poden utilizarse para avaliar a redacción e presentación de traballos escritos e a exposición oral de traballos, para os controis orais ou escritos de lecturas sinaladas, ou para as respostas nas que sexa preciso desenvolver con certa extensión o preguntado.

# 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A metodoloxía didáctica debe presentar as seguintes características:
- Favorecerá a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación.
- Subliñará a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

De forma xeral, o proceso de ensino/aprendizaxe pode realizarse mediante as seguintes actividades:

| **METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.** | |
|---|---|
| **Actividades de introdución e coñecementos previos** | Han de introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender. Son as que se realizan para coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver. |

| | |
|---|---|
| **Actividades de desenvolvemento** | Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes. |
| **Actividades de síntese-resumo** | Son as que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador. |
| **Actividades de consolidación, recuperación e ampliación** | Permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes.<br>Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados.<br>Son as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento. |
| **Actividades de avaliación** | Inclúen as actividades dirixidas á avaliación inicial, formativa e sumativa. |

A aplicación destas actividades aterase aos seguintes principios básicos que han de estar presentes continuamente no proceso de ensino/aprendizaxe:

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será graduada (é dicir, acorde aos coñecementos do alumno), suxestiva (polo seu contido e relación co tema tratado), continuada (para que resulte eficaz) e controlada (baixo a dirección e orientación do profesor).
- A correcta interpretación dun fragmento implicará a súa contextualización, a análise dos aspectos gramaticais, e a captación e comentario da mensaxe que nel aparece.
- Dada a dificultade de presentar textos orixinais para a transmisión de todos os conceptos culturais da unidade, recorrerase tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos sempre que o profesor o considere pertinente.
- O comentario de texto irá, sempre que se considere adecuado, acompañado de material audiovisual: mapas, gráficos, diapositivas, vídeos, etc.
- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser coherente.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romana e coñecer a súa supervivencia no mundo occidental.

A aplicación metodolóxica práctica contará basicamente cos seguintes pasos:

1. Como actividades de introdución, motivación e coñecementos previos propoñemos:

- O coñecemento por parte do alumno dos obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, etc. da unidade didáctica, para que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.
- Introdución motivadora por parte do profesor, onde se sinalen os elementos máis atractivos por actuais e interdisciplinares do tema que se vai tratar.

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor, coa fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introdución de cada aspecto lingüístico, sempre que sexa posible, mediante as semellanzas ou supervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno.

2. Como actividades de desenvolvemento inclúense:

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución de actividades do apartado de cultura.
- Elaboración de esquemas do tema de cultura.
- Resolución de exercicios de léxico.
- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.
- Tradución dun texto orixinal proposto, realizando os seguintes pasos:

a.- Lectura previa en voz alta corrixida polo profesor.
b.- Análise do vocabulario.
c.- Relacións gramaticais:

• illar as oracións
• recoñecer as formas gramaticais
• establecer as relacións sintácticas

d.- Tradución.

- Descubrimento nos textos traducidos da parte lingüística, cultural e de léxico de interese para a unidade que se está traballando. Este descubrimento estará acompañado das explicacións sistematizadas do profesor cando sexa preciso. Convén que a parte propiamente informativa que se debe memorizar, reducida a contidos mínimos, quede explicitamente destacada no caderno de clase do alumno.
- Selección, comentario e aprendizaxe do vocabulario, que se repasará e aplicará aos textos durante todos os temas.

O profesor, á vista do ritmo de aprendizaxe do grupo e da diversidade do mesmo, decidirá cales realizar con maior profusión e cales no.

3. Actividades de síntese-resumo:

- Análise e comentario dun texto final. Entendemos por análise o comentario gramatical completo do texto traducido, que debe comprender, ademais das relacións gramaticais entre os seus elementos, a relación existente entre os distintos parágrafos do texto. O comentario de texto, tras captar e comentar as ideas principais que se nos transmiten, emite xuízos e aporta opinións que non están directamente no texto.
- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade mediante gráficos, paradigmas, esquemas, mapas, etc.

4. Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

A finalidade destas será:

- Realización de exercicios apropiados e o necesariamente abundantes e variados que sexa preciso, para afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados no tema.
- Coa fin de atender a aqueles alumnos con problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada e breves para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas das mesmas, sempre acompañados da axuda do profesorado.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para afondar nos mesmos, como realización de pequenos traballos de investigación sobre temas culturais, lecturas complementarias e ampliación de léxico da propia lingua relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

5. Actividades de avaliación

Ademais da observación directa do traballo dos alumnos en clase, ao final de cada unidade temática poderanse realizar probas orais ou escritas coa fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos. Estas probas, como é lóxico, deberán ter en conta os obxectivos e contidos comentados ao comezo de cada tema aos alumnos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Empregaremos o manual Latín 4º ESO da editorial Casals (ISBN 978-84-218-6111-0), cos recursos complementarios que o acompañan:

- un DVD con actividades autoavaliables para o alumno, pensado para que este faga as actividades en casa e, feitos os exercicios, obteña unha cualificación.
- Un dicionario básico latín-español / español-latín que inclúe todo o vocabulario preciso.

- Un conxunto de recursos dixitais accesibles desde a web ecasals.net.
- Pósters para a aula, con explicacións e propostas de traballo.
- Un DVD para o profesor, e un solucionario das actividades do libro, con propostas de exames.
- Posibilidade de achegarse coas novas tecnoloxías a un espazo común profesor/alumno no que intercambiar información diversa.

A profesora proporcionará material elaborado por ela procedente de diversas fontes: numerosos manuais de distintas editoriais ( edebé, rodeira, ecir, anaya, vicens vives, sm, santillana, xerais, etc), páxinas de Internet como culturaclasica.com, culturaclasica.net/santillana, artehistoria.com, biografiasyvidas.com, santiagoapostol.net e outras que van aparecendo continuamente.

Tamén utilizaremos materiais nalgúns casos comúns á materia de cultura clásica (que poden ter cursado ou non, co que a diversidade estará asegurada):

- Dicionarios de mitoloxía.
- Libros sobre aspectos diversos das civilizacións grega e romana, como La vida cotidiana en Grecia de Flacelière o Historia de los griegos de Montanelli.
- Libros de relatos sobre o mundo clásico como Jasón y los Argonautas, La Eneida, La Odisea, Los trabajos de Hércules….
- Películas e documentais relacionados co mundo grecolatino como Gladiator, Aníbal, ou La vida de Brian.
- Dicionarios etimolóxicos de latín (e grego).
- Mapas.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

***<u>Cualificación en cada avaliación</u>***

COMPETENCIAS:

- **70%: Competencia en comunicación lingüística (CCL).**
- **5%: Competencia en aprender a aprender (CAA).**
- **5%: Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- **5%: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**
- **5%: Competencia dixital (CD)**
- **5%: Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- **5%: Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).**

**EA:**

- **100%: Media dos instrumentos de avaliación empregados. Valoraranse coa seguinte ponderación:**

**PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS: 90%**

- Para os **bloques de lingua** haberá avaliación progresiva. A nota resultante constituirá o **70% da cualificación deste instrumento**.
    - Farase unha media das notas obtidas nas probas.
    - Excepción: neste apartado, ao haber avaliación progresiva, en caso de non aprobar algunha das anteriores pero si a última das probas (obtendo un mínimo de 5 puntos sobre dez), a puntuación poderá ser 5 puntos ou a nota resultante de aplicar a ponderación anterior, sempre a opción que beneficie máis ao alumnado. Isto será válido en cada unha das tres avaliacións.
- Terán unha proba por avaliación relativa aos estándares dos temas do **Bloque 5 (Roma: historia, cultura e civilización)** que correspondan, na que haberá algunha pregunta para desenvolver e outras de resposta máis breve. Deberán conseguir un mínimo de cinco puntos sobre dez e, de non facelo, poderán recuperar nunha proba ao remate de cada avaliación ou na proba final de recuperación. Este apartado suporá un **30%.**

Aínda que coa ponderación se chegase ao cinco, **para aprobar** será preciso obter **cinco puntos sobre dez na cualificación das probas de cada bloque (lingüístico/ non lingüístico); de non chegar ao cinco en cada parte farán a recuperación final correspondente**.

En cada proba os alumnos terán a pertinente información sobre a puntuación e cualificación. Farase sempre a corrección na clase.

**TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN: 10%**

- O alumnado deberá facer algún traballo individual ou en grupo cando corresponda. En caso de non facerse nalgunha avaliación, sumaríase ese 10% ao apartado anterior de probas escritas e/ou orais.

**OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DO TRABALLO DIARIO E CADERNO:**

- Farase unha observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo. A profesora anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copialas de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase...Esa observación sistemática poderá ser cualificada ata 0,5 puntos.

- Ese traballo diario na aula e na casa, indispensable para unha correcta asimilación da materia e unha progresión adecuada no proceso de aprendizaxe, será recollido de xeito completo, correcto, organizado e pulcro no caderno do alumno, que será presentado cando o profesorado o requira. Pode valorarse mediante unha rúbrica para avaliar o caderno (anexo I), e suporá ata 0,5 puntos.

- A observación do traballo diario e caderno permitirá **subir, manter ou baixar a nota** en cada avaliación ata un punto. Por ter esta posibilidade de mellorar co seu esforzo as súas cualificacións como norma xeral non se porá a nota seguinte por debaixo de ,75.

- Para aprobar cada avaliación deberán acadar un mínimo de cinco puntos (sobre dez) en total.

***Cualificación na avaliación final ordinaria***

- **De ter aprobadas as tres avaliacións, con todos os apartados con avaliación positiva, a cualificación final** será a media delas. Na parte lingüística da materia a avaliación é progresiva, polo que de aprobar na terceira avaliación considerarase recuperado o anterior. En cambio, a parte non lingüística (historia, cultura e civilización) ten contidos independentes en cada avaliación, que deberán ser superados nas probas correspondentes e, de non ser así, serán examinados na proba final de recuperación.

- Coa fin de fomentar a lectura, para **subir nota** poderán facer voluntariamente unha proba oral sobre a lectura de textos propostos. Por cada un lido engadiríase até **0,5** (cun máximo de 1 punto) á cualificación final. Poderán presentar tamén as actividades finais que se sinalen para intentar redondear á alza a nota.

- Redondearase á cualificación superior a partir de ,75.

***Cualificación con proba final de recuperación***

Para quen o precise haberá unha proba final de recuperación, con dous apartados separados:

- 70% : unha parte lingüística global (morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía, latinismos). Nesta parte da materia a avaliación é progresiva.

- 30% : unha parte non lingüística (historia, cultura e civilización) referente ao traballado en cada unha das tres avaliacións por separado, para que cada alumno recupere o non superado. Despois da primeira e da segunda avaliación os alumnos que non acadaron os mínimos tiveron xa a oportunidade de facelo cunha recuperación. De non mellorar coa recuperación, teranse en conta para a media final as notas correspondentes anteriores.

A **cualificación final con proba final de recuperación** ponderarase así: a proba suporá o 90%, e os traballos do curso o 10%.

# 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Táboa para facer un seguimento entre a temporalización prevista e a real:

| **Estándares de aprendizaxe**<br>**LATÍN**<br>**4º ESO** | **Temporalización por avaliacións prevista** | | | **Temporalización por avaliacións real** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | x | | | | | |
| LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | x | | | | | |
| LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | x | | | | | |
| LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | x | | | | | |
| LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | x | x | x | | | |
| LAB1.6.1.Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | x | x | x | | | |
| LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | x | | | | | |
| LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | x | | | | | |
| LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | x | x | x | | | |
| LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | x | | | | | |
| LAB3.2.1.Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | x | | | | | |
| LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | x | | | | | |
| LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | x | x | x | | | |
| LAB3.4.2.Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | x | x | x | | | |
| LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | x | | | | | |
| LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas | x | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | | | | | | |
| LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | x | x | x | | | |
| LAB3.6.2.Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | | | x | | | |
| LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | | | x | | | |
| LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | x | x | x | | | |
| LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | x | x | x | | | |
| LAB4.2.1.Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | x | | | | | |
| LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | x | x | x | | | |
| LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | x | x | x | | | |
| LAB4.4.1.Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | x | | | | | |
| LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples. | | x | x | | | |
| LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | | | x | | | |
| LAB5.1.1.Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | x | x | x | | | |
| LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | x | x | x | | | |
| LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | x | x | x | | | |
| LAB5.1.4.Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | x | x | x | | | |
| LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | | x | | | | |
| LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | | x | | | | |
| LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | | x | | | | |
| LAB5.4.1.Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | x | x | x | | | |
| LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | x | x | x | | | |
| LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de | | x | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | | | | | | |
| LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | | x | | | | |
| LAB6.1.1.Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | x | x | x | | | |
| LA1B6.2.1.Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | x | x | x | | | |
| LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | x | x | x | | | |
| LAB6.4.1.Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | x | x | x | | | |
| LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | x | x | x | | | |
| LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | | | x | | | |
| LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | | | x | | | |
| LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | x | x | x | | | |
| LAB7.1.2.Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | x | x | x | | | |
| LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | x | x | x | | | |
| LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | x | x | x | | | |
| LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado cando se expresa na súa propia lingua. | x | x | x | | | |

Servirémonos tamén dunhas rúbricas que se achegan nos anexos II, III, IV, V para avaliar a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do ensino e o seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non é de aplicación.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

Non é de aplicación.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODEN ADOPTAR

Realizarase unha avaliación inicial ao comezo do curso para determinar o grao de formación e interese dos alumnos, o funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Convén reunir información do titor e de profesores de anos anteriores para ter unha primeira achega ao grupo e aos seus integrantes. Como parte do alumnado procede doutros centros non sempre é doado conseguir axiña esa información.
A avaliación inicial consistirá en responder a unhas cuestións sobre coñecementos previos, tanto de tipo lingüístico como cultural, e tamén sobre as circunstancias persoais de cada alumno. Hai que ter en conta que o alumnado pode ter cursadas ou non con anterioridade a materia de Cultura Clásica e que pode haber repetidores, co que a diversidade está garantida. Ademais, aínda que en latín partimos de cero, os alumnos deberían contar cuns coñecementos lingüísticos previos para afrontar con éxito a materia.

A avaliación inicial pódese ir modificando cada ano. Como exemplo proponse un modelo que se achega no **anexo VI**.

Ademais de responder ás cuestións, os alumnos farán unha pequena redacción expoñendo os motivos para elixir esta opción e materia, as súas fortalezas e debilidades para afrontar o curso e as circunstancias persoais relevantes que desexen comentar.

Esta avaliación permitiría unha achega ás características do grupo e a cada un dos alumnos de forma personalizada, coa fin de coñecer o punto de partida e reforzar aquilo no que se detecten carencias. Só tería validez informativa (sen contar como nota para a avaliación).

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre os discentes impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispoñer de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo da aprendizaxe.

A atención á diversidade abórdase a través de:

• Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado e que axudan a reforzar os coñecementos.

• Axudas puntuais por parte da profesora.

• Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, proporcionadas pola profesora. Mentres se realizan estas actividades de reforzo ou recuperación, aqueles alumnos que acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán que presenten un maior grao de complexidade, para afondar nos mesmos.

Intentarase seguir a diario o progreso de cada alumno, e detectar se é necesario axudar a algún que presente carencias dun xeito máis personalizado.

Achéganse nos anexos VII e VIII unhas rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual e no grupo.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Segundo o establecido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.

– Emprendemento.
– Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

| | |
|---|---|
| **Igualdade e respecto** | – Igualdade efectiva entre homes e mulleres<br>– Prevención da violencia de xénero<br>– Prevención da violencia contra persoas con discapacidade<br>– Igualdade de trato e non discriminación<br>– Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia |
| | – Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social<br>– Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia |
| | – Evitación de comportamentos e de contidos sexistas<br>– Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual |
| **Emprendemento** | – Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico |

Estes aspectos aparecen representados tanto nos contidos como nos textos e nas actividades. Non obstante, tamén é esencial para o desenvolvemento do alumnado como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do currículum, aínda que si forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, tamén se aborda o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

Os temas transversais pretenden conseguir que os alumnos desenvolvan actitudes persoais que lles axuden a construír unha sociedade máis xusta. A materia de Latín, xuntamente coa de Grego e Cultura Clásica, permite un achegamento ao mundo antigo no que xorden ou continúan sistemas sociais e políticos como democracia e escravitude. Isto establece unha boa base para a crítica dos alumnos. Os temas transversais e de educación en valores serán parte dos contidos e centrarán o enfoque dos comentarios. Tales temas desenvolveranse do modo seguinte:

**Educación para a convivencia**.

- Farase especial énfase nos elementos de parentesco entre as linguas romances.
- Irmandarase a consideración do castelán, catalán e galego entre se e o parentesco das linguas peninsulares coas outras linguas románicas.

**Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.**

Abordarase en perspectiva crítica a situación da muller na antigüidade e nos nosos días. Trátase de:

- Facer unha análise especial da muller e dos escravos e dos sistemas de educación grecorromanos.
- Recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Evitar formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Rexeitamento ante calquera situación de discriminación por razón de sexo.

**Educación para a paz.**

- A lectura de textos clásicos de filósofos, historiadores e poetas nos que se reflictan as repercusións sociais que a paz trae á sociedade e o coñecemento dos principais conflitos bélicos da antigüidade será o punto de partida para a reflexión.
- Analizar e recoñecer nos textos clásicos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.
- Valorarase a tolerancia, a pluralidade de crenzas, o papel do dereito e as leis e a convivencia das sociedades antigas.

**Educación moral e cívica.**

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleos.
- Alcanzar un compromiso persoal para a conservación do patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

**Educación ambiental.**

- Estudo das modificacións que o home provocou no seu ámbito para o seu desenvolvemento.
- Estudo dos hábitos alimenticios de gregos e romanos así como dos seus costumes referentes ao coidado do corpo e mente.
- Recoñecer e identificar na contorna restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica.
- Comprometerse no mantemento e conservación de toda pegada do mundo clásico.

**Educación para o lecer.**

- Identificar en festas e espectáculos actuais a súa orixe grecolatina.
- Apreciar e valorar como un legado da civilización grecolatina a pervivencia de moitos deportes actuais e dos Xogos Olímpicos en particular.

En definitiva, preténdese que os alumnos recoñezan as situacións de discriminación de certas clases e grupos sociais, busquen e analicen as achegas dos autores antigos a favor da paz e da convivencia. Ademais engádese a necesidade de expresarse con liberdade respectando sempre a opinión dos demais e recoñecendo así o enriquecedor da diversidade.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Contémplase a posibilidade de organizar unha saída para asistir a unha representación teatral dunha obra clásica.

Verase se é aconsellable ou non levar a cabo esta actividade.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS.

Na memoria de final de curso, ademais dos resultados, aparecen valoracións sobre as causas destes resultados, posibles solucións, cumprimento do programado e incidencias que repercuten na consecución dos obxectivos.

A avaliación da programación didáctica permite determinar os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

**Proposta de avaliación da programación didáctica**

| Docente: | Curso e grupo: |
|---|---|

| | Aspectos a manter no próximo curso | Aspectos a mellorar no próximo curso |
|---|---|---|
| Cumprimento dos obxectivos xerais da programación | | |
| Desenvolvemento das unidades didácticas | | |
| Desenvolvemento das actividades programadas | | |
| Funcionamento das metodoloxías aplicadas | | |
| Utilización de recursos e materiais didácticos | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | |
| Funcionamento dos procedementos de avaliación | | |
| Pertinencia dos instrumentos de avaliación | | |
| Eficacia das medidas de recuperación | | |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | | |
| Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa | | |
| Dinámica do grupo | | |
| Participación en actividades extraescolares e complementarias | | |
| Medidas de atención á diversidade | | |
| Favorecemento da multidisciplinariedade | | |
| Favorecemento do tratamento integrado de linguas | | |

| | |
|---|---|
| Factores que favoreceron o cumprimento da programación | |
| Causas de non cumprimento da programación | |

## ANEXO I. RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO

| | EXCELENTE (9-10) | | AVANZADO (7-8) | | BÁSICO (5-6) | | ESCASO (0-4) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **APUNTES** | Os apuntes están escritos, ordenados e presentados ben. | | Os apuntes están escritos, ordenados e presentados bastante ben. | | Os apuntes están escritos parcialmente e/ou con algo de desorde e/ou con presentación mellorable. | | Carece de apuntes ou falta a maior parte. A presentación é bastante deficiente. | |
| **CANTIDADE DE INFORMACIÓN** | Ten información de todos os temas e preguntas tratados. | | Ten información de todos os temas e da maioría das preguntas tratadas. | | Ten información de case todos os temas e preguntas tratados. | | Non ten información ou é moi escasa. | |
| **ORGANIZACIÓN** | A información está moi ben organizada con parágrafos ben redactados e con subtítulos. | | A información está organizada con parágrafos ben redactados. | | A información proporcionada está bastante organizada pero os parágrafos non están ben redactados. | | A información carece de estrutura e a redacción non é boa. | |
| **IDEAS RELEVANTES** | A información está claramente relacionada co tema principal e proporciona varias ideas secundarias e/ou exemplos. | | A información ten as ideas principais e unha ou dúas ideas secundarias. | | A información ten algunha das ideas principais. | | A información non ten ideas principais. | |
| **GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA** | Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | | Hai ata dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | | Existen ata catro erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | | Existen máis de catro erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | |
| **NÚMERO DE ACTIVIDADES RESOLTAS** | Realiza todas as actividades que se propoñen. | | Realiza máis do 85 % das actividades que se propoñen. | | Realiza entre o 85 % e o 70 % das actividades que se propoñen. | | Realiza menos do 70 % das actividades que se propoñen. | |
| **PROCEDEMENTO E RESULTADOS DE ACTIVIDADES RESOLTAS** | Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto. | | Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao bastante ben organizado e obtén o resultado correcto case sempre.<br>Reflicte no caderno case todas as correccións feitas na clase. | | Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto en máis do 70% das actividades resoltas.<br>Reflicte no caderno con algún erro as correccións feitas na clase. | | No desenvolve o procedemento e/ou non obtén o resultado correcto.<br>Reflicte no caderno con moitos erros as correccións feitas na clase. | |

**ANEXO II. RÚBRICA PARA AVALIAR A PLANIFICACIÓN.**

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| PLANIFICACIÓN | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas. | | |
| | 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento. | | |
| | 3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. | | |
| | 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| | 5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e intereses do alumnado. | | |
| | 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. | | |
| | 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia. | | |

## ANEXO III. RÚBRICA PARA AVALIAR A MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| | 2. Formula situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos…). | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou con a súa funcionalidade. | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | |
| | 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase. | | |
| | 7. Promove a reflexión dos temas tratados. | | |

## ANEXO IV. RÚBRICA PARA AVALIAR O DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| DESENVOLVEMENTO DO ENSINO | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas… | | |
| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| | 3. Ten predisposición para aclarar dubidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |
| | 8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Formula actividades en grupo e individuais. | | |

## ANEXO V. RÚBRICA PARA AVALIAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente. | | |
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia. | | |
| | 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc. | | |
| | 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | |

## ANEXO VI. MODELO PROPOSTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL EN LATÍN DE 4º DA ESO

APELLIDOS NOMBRE CURSO

- Marca la respuesta que consideres correcta

| | |
|---|---|
| . Aristófanes era ☐ comediógrafo<br>☐ dramaturgo<br>☐ poeta | . Los trabajos de Heracles fueron ☐ 12<br>☐ 16<br>☐ 10 |
| . ¿Bajo qué gobernante floreció Atenas? ☐ Pericles<br>☐ Alejandro Magno<br>☐ Sócrates | . Jasón se casó con ☐ Medea<br>☐ Electra<br>☐ Proserpina |
| . Pegaso es ☐ un cíclope<br>☐ un gigante<br>☐ un caballo | . Ariadna se enamoró de ☐ Teseo<br>☐ Perseo<br>☐ Jasón |
| . El laberinto de Creta fue construido por ☐ Minos<br>☐ Dédalo<br>☐ Minotauro | . Esquilo, Sófocles y ☐ Aristófanes<br>☐ Eurípides<br>☐ Menandro |
| . Solón era ☐ un legislador ateniense<br>☐ un gobernante persa<br>☐ un filósofo | . Una hecatombe era ☐ un sacrificio de 200 bueyes<br>☐ un sacrificio de 100 bueyes<br>☐ un sacrificio de 1000 bueyes |

- Responde a las siguientes preguntas. ¿Quiénes se enfrentaron en las guerras médicas? ¿Y en las del Peloponeso?

| Relaciona parejas mitológicas: | ¿A qué autor atribuirías estas obras literarias clásicas? |
|---|---|
| TESEO • • EURÍDICE<br>APOLO • • ARIADNA<br>PÍRAMO • • DAFNE<br>PARIS • • MEDEA<br>ORFEO • • TISBE<br>DÉDALO • • PENÉLOPE<br>JASÓN • • ÍCARO<br>ULISES • • ELENA | LA GUERRA DE LAS GALIAS<br>LA ILÍADA<br>ANTÍGONA<br>LA ODISEA<br>EDIPO REY<br>LA ENEIDA<br>LAS METAMORFOSIS<br>MEDEA<br><br>(Ovidio, Sófocles, Homero, César, Eurípides, Virgilio) |

- Responde si es verdadero (V) o falso (F):

☐ Lenguas romances son las derivadas del latín.
☐ Latín y griego tienen un origen común.
☐ La democracia nació en Roma.
☐ Roma y Cartago se enfrentaron en las Guerras Médicas.
☐ Rómulo y Remo fundaron Roma.
☐ Todas las lenguas de la Península Ibérica son romances.
☐ Latín y griego comparten alfabeto.
☐ La democracia nació en Grecia.
☐ Roma y Cartago se enfrentaron en las Guerras Púnicas.
☐ Rómulo fundó Roma.

- Analiza morfológicamente estas formas verbales:
  - cantaba
  - he cantado
  - cantes
  - hayan cantado
  - cantaré
  - habías cantado
  - cantaran
  - habré cantado
- Analiza sintácticamente estas oraciones:
  Los alumnos ordenan los folios en las aulas del colegio. Vosotros seréis mis alumnos y estudiaréis la lengua de los escritores romanos.

Haz una pequeña redacción exponiendo los motivos para elegir esta opción y materia, tus fortalezas y debilidades para afrontar el curso, la relación con el grupo y las circunstancias personales relevantes que desees comentar.

## ANEXO VII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| **DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN** | Non ten ningunha dificultade para entender os contidos. | Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade. | |
| | Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles. | Seleccionar os contidos significativos consonte á súa realidade. | |
| | Ten dificultades para entender os contidos que se formulan. | Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica. | |
| **DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO** | Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades). | Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades. | |
| | Ten pequenas dificultades. | Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva consonte ás capacidades que se vaian adquirindo. | |
| | Ten dificultades. | Seleccionar aquelas tarefas consonte ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos. | |
| **DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN** | Amosa un gran interese e motivación. | Seguir potenciando esta motivación e interese. | |
| | O seu interese e motivación non destacan. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas. | |
| | Non ten interese nin motivación. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e próximas á súa realidade. | |
| **DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS** | Atopa solucións aos problemas que se formulan en todas as situacións. | Seguir fomentando esta capacidade. | |
| | Atopa solucións aos problemas que se formulan nalgunhas situacións. | Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade. | |
| | Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se formulan. | Propoñer problemas consonte ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas. | |
| **DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN** | Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección. | Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita. | |
| | Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita coa fin de melloralas. | |
| | Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar. | |

## ANEXO VIII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE NO GRUPO

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| DE COMUNICACIÓN | A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades. | Non se necesitan medidas. | |
| | A comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades. | Propoñer estratexias para mellorar a comunicación. | |
| | A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades. | Averiguar a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE INTERESE E MOTIVACIÓN | O grupo está motivado e ten gran interese. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese. | Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado. | |
| | O grupo non ten interese e está pouco motivado. | Averiguar a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE ACTITUDE E COLABORACIÓN | O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado ten boa actitude e colabora. | Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado. | |
| | O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas. | Averiguar as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes. | |

## ANEXO IX. ADAPTACIÓN Á DOCENCIA SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

# ADAPTACIÓN Á DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

### 5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- Ao inicio de curso explicaráselle detalladamente ao alumnado as pautas a seguir no caso dunha docencia semipresencial (e non presencial), en base ao establecido nesta programación. Todo o alumnado será matriculado en EDIXGAL, onde se reflectirá toda a información necesaria para o seguimento da materia.

- Manteranse os aspectos xerais e as estratexias metodolóxicas, pero variarase a secuenciación habitual do traballo na aula de tal xeito que as clases presenciais se destinen fundamentalmente á explicación dos contidos conceptuais máis importantes e de maior dificultade de comprensión para o alumnado e á resolución de dúbidas de interese xeral, así como á realización das probas escritas de avaliación. As sesións telemáticas a través de Webex estarán destinadas fundamentalmente á resolución de exercicios e casos prácticos.

- En relación co exposto no parágrafo anterior, facilitaráselle material ao alumnado ou daránselle unhas instrucións para que revise con antelación os contidos que se van abordar na clase presencial, de tal xeito que o profesor poida centrarse na explicación daqueles máis importantes, e sobre todo, que os estudantes poidan expor todas as súas dúbidas nun contexto que permite unha interacción máis directa.

- Proporanse actividades individuais como a resolución de exercicios e outras tarefas que cada estudante deberá realizar na casa e posteriormente enviar ao docente para a súa corrección de xeito individual ou conxunta a través das videoconferencias. Proporanse tamén traballos en grupo que o alumnado poida realizar mediante un contacto exclusivamente virtual.

- Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que teña dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

### 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- As sesións telemáticas realizaranse a través da plataforma Webex ou a que dispoñan as autoridades educativas. O contacto co alumnado, ademais das videoconferencias,  levarase a cabo, preferentemente, a través de EDIXGAL (chats, foros , etc), e de ser necesario a través do correo electrónico.

- Empregaranse, na medida do posible, os materiais e recursos didácticos da docencia presencial, pero darase un maior protagonismo ao material audiovisual e aos recursos dixitais. Deseñaranse actividades educativas para que se poidan desenvolver tanto de forma presencial e non presencial, cun carácter práctico que potencie o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

- Potenciarase o uso de EDIXGAL, onde, ademais de recoller todos os materiais de cada materia, se reflectirá toda a temporalización das actividades das distintas sesións, tanto telemáticas como presenciais. Deste xeito cada discente poderá facer un seguimento máis axeitado da materia, sabendo que actividades se levaron e/ou se levarán a cabo en cada unha das sesións. Todo o alumnado será matriculado no grupo e curso correspondente en EDIXGAL.

### 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- Entendendo que nas sesións presenciais se poidan levar a cabo as probas escritas, manteranse os procedementos, instrumentos e criterios de cualificación. Na porcentaxe correspondente ao traballo diario incluiranse tarefas que se poidan facer e enviar de xeito telemático e que permitan determinar o nivel competencial do alumnado.

## ADAPTACIÓN Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

### 5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- Como no caso da docencia semipresencial, todos os materiais e a información necesaria para o seguimento da materia será exposta en EDIXGAL, onde estará matriculado todo o alumnado.

- O contacto co alumnado levarase a cabo fundamentalmente a través de videoconferencias por Webex, tanto para explicación dos contidos teóricos, a resolución de dúbidas, a corrección de tarefas ou a exposición de traballos, buscando a máxima interacción posible co alumnado.

- Ademais das videoconferencias, estableceranse outras canles de comunicación dirixidas fundamentalmente á resolución de dúbidas: chats e foros, preferentemente en EDIXGAL, vídeos ou audios explicativos aos que o alumnado teña acceso en calquera momento, correo electrónico corporativo, vía telefónica, etc.

- Proporanse actividades de repaso e reforzo para aqueles estudantes que non sexan capaces de seguir axeitadamente a docencia telemática e requiran unha atención máis personalizada.

- Terase un contacto estreito cos titores de cada grupo para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado. A principios de curso farase un rexistro daqueles alumnos/as que non dispoñan dos recursos ou coñecementos informáticos necesarios para seguir unha docencia non presencial (ou incluso semipresencial de ser o caso) e poñeranse en marcha todas as medidas que sexan necesarias para subsanar este problema en coordinación co Centro.

- De ser posible, as probas escritas pasarán a facerse por vía telemática, preferentemente a través de EDIXGAL. Estas probas incluirán preguntas teóricas e prácticas que o alumno/a deberá responder directamente na propia proba a través do seu ordenador, preguntas de V e F, de resposta múltiple, de encher ocos...., para as cales se deixará un tempo limitado de resposta. Tamén poderán facer probas orais.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Manteranse os criterios establecidos para a docencia semipresencial.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- Intentaranse manter os procedementos, instrumentos e criterios de cualificación establecidos, facendo unha adaptación das actividades correspondentes ao traballo diario para que se poidan desenvolver de xeito telemático. Como xa se indicou as probas escritas faranse, preferentemente, a través de EDIXGAL.

- Faranse reunións de Departamento de xeito frecuente para valorar se o alumnado é capaz de seguir as clases telemáticas de xeito correcto e se está adquirindo axeitadamente os coñecementos teóricos e prácticos, así como as competencias clave a través das distintas actividades propostas. De non ser o caso, tomaríanse medidas ao respecto, como por exemplo, dar un maior peso da cualificación final ao traballo diario.

# PROGRAMACIÓN DE LATÍN II LOMCE

## 2º DE BACHARELATO

CURSO 2022-2023

IES RAMÓN CABANILLAS

CAMBADOS

ÍNDICE


- 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. (Común)
- 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO
- TÁBOA QUE RECOLLE A RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE
- 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE
    - 4. A. TEMPORALIZACIÓN
    - 4.B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.
    - 4.C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
- 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA. (Común) (*VER TAMÉN ANEXO IX)
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (*VER TAMÉN ANEXO IX)
- 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO (*VER TAMÉN ANEXO IX)
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
- 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
- 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS
- 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR

- 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. (Común)
- 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS. (Común)
- 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. (Común)
- 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS. (Común)

ANEXO I. RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO

ANEXO II. RÚBRICA PARA AVALIAR A PLANIFICACIÓN

ANEXO III. RÚBRICA PARA AVALIAR A MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

ANEXO IV. RÚBRICA PARA AVALIAR O DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

ANEXO V. RÚBRICA PARA AVALIAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

ANEXO VII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

ANEXO VIII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE NO GRUPO

**ANEXO IX. ADAPTACIÓN Á DOCENCIA SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL**

# Latín II

**DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. (Común)

No curso académico 2022-2023 tomarán como referencia a LOMCE os cursos 2º e 4º da ESO e 2º de Bacharelato.

A materia será impartida pola profesora de ensino secundario Mª del Carmen Álvarez Pablos, xefa de Departamento de Latín e Grego.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

. Comunicación lingüística. (CCL)
. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
. Competencia dixital. (CD)
. Aprender a aprender. (CAA)
. Competencias sociais e cívicas. (CSC)
. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

No currículo da materia sinálase con que competencia ou competencias clave está relacionado cada estándar de aprendizaxe. O conxunto de estándares asociados a unha competencia reflicte en que contribúe a materia ao desenvolvemento desa competencia clave e dá lugar ao perfil da competencia.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.

Non é obrigatorio.

## TÁBOA QUE RECOLLE A RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| | Latín II. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | |
| ▪ d<br>▪ p | ▪ B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Morfoloxía | | | |
| ▪ i | ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | ▪ B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. | ▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | ▪ B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | ▪ B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. | ▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ d | ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | ▪ B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. | ▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ d | ▪ B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. | ▪ B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. | ▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | Bloque 3. Sintaxe | | | |
| ▪ e | ▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | ▪ B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. | ▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e | ▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | ▪ B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. | ▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ p | ▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | ▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. | ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d | ▪ B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. | ▪ B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. | ▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. | ▪ B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. | ▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Literatura latina | | | |
| ▪ h | ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | ▪ B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución. | ▪ LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ n | ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | ▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. | ▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ i<br>▪ g | ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. | ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ d | ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | ▪ B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. | ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ n<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | ▪ B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. | ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sírvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 5. Textos | | | |
| ▪ e | ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. | ▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. | ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d | ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. | ▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto. | ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b | ▪ B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. | ▪ B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos. | ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | ▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | ▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ h | ▪ B5.4. Identificación das características formais dos textos. | ▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos. | ▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 6. Léxico | | | |
| ▪ e<br>▪ p | ▪ B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico. | ▪ B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico. | ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ p | ▪ B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. | ▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. | ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | ▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ h | ▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. | ▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | ▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ p | ▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega. | ▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos. | ▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

# 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE
## A. TEMPORALIZACIÓN.
## B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.
## C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Táboa coas competencias, EA, temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

| **Materia: LATÍN II 2º BACH.** | **Estándares de aprendizaxe** | **Temporaliza-ción por avaliacións** | | | **Grao mínimo de consecución** | **Procedementos e instrumentos de avaliación** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | PROBA ESCRITA | TRAB. IND. / GRUPO | |
| **Competen-cias clave** | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | | PROBA ORAL | RÚBR. | OBSERV. AULA |
| Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | × | | | Recoñece e distingue con bastante acerto a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN | | |
| ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. | × | | | Realiza con bastante acerto evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN | | |
| ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilústrao con exemplos. | × | | | Explica con bastante claridade e coherencia o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilústrao con exemplos. | OBSERVACIÓN | | |
| Bloque 2. Morfoloxía | | | | | | | | |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | × | | | Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | OBSERVACIÓN | | |
| ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, | × | | | Identifica e distingue con bastante corrección en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | | | | termos nos que estean presentes. | |
| ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | × | × | × | Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica case sempre correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | × | × | × | Identifica con bastante seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | × | × | × | Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións con bastante acerto, axudándose do dicionario. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | × | × | × | Identifica con bastante seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | × | × | × | Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións con bastante acerto, axudándose do dicionario. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| Bloque 3. Sintaxe | | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. | × | × | × | Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar case sempre correctamente a súa tradución. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | × | × | × | Recoñece, distingue e clasifica con bastante corrección os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos | × | × | × | Identifica con bastante acerto na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | seus equivalentes en galego e en castelán. | | | | | |
| ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | × | × | × | Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece case sempre acertadamente os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | × | × | × | Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas case sempre correctamente e explica as súas funcións. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| | | | | | Bloque 4. Literatura latina | |
| ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | × | | | Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | PROBA ESCRITA |
| ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | × | × | × | Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | PROBA ESCRITA |
| ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | × | × | × | Realiza de forma bastante ordenada e coherente eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CCL | ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | × | × | × | Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas con bastante corrección. | PROBA ESCRITA E ORAL |
| ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | × | × | × | Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | PROBA ESCRITA E/OU ORAL |
| ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | × | × | × | Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | TRABALLO INDIVIDUAL OU EN GRUPO<br>PROBA ESCRITA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | × | × | × | Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | |
| Bloque 5. Textos | | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | × | × | × | . Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. | × | × | × | Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. | |
| ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | × | × | × | Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | |
| ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | × | × | × | Adoita identificar o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | PROBA ORAL OU ESCRITA |
| ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | × | × | × | Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | PROBA ORAL OU ESCRITA |
| Bloque 6. Léxico | | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CMCCT | ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao | × | × | × | Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos case sempre correctamente ao galego e ao castelán. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CD | castelán. | | | | | |
| ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | × | × | × | Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | OBSERVACIÓN |
| ▪ CD<br>▪ CCL | ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | × | × | × | Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | × | × | × | Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado con bastante acerto locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | × | × | × | Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |

## 4. A. TEMPORALIZACIÓN

Circunstancias diversas (enfermidades, imprevistos, actividades extraescolares programadas polos diversos departamentos, distintos ritmos de aprendizaxe...) fan aconsellable certa flexibilidade ao planificar a temporalización, e facela por avaliacións, e non por semanas ou sesións.
Dentro de cada avaliación, dous ou tres exames (se as circunstancias o permiten) serven para marcar unha temporalización mensual aproximada. Sempre entrará todo o estudado previamente, salvo nos temas de literatura, dos que só serán avaliados cando corresponda.

Proponse esta secuenciación e temporalización por avaliacións en liñas xerais, susceptible de ser modificada dependendo das circunstancias.

1ª AVALIACIÓN

- Repaso rápido da materia de Latín I: Os casos. As declinacións no substantivo, adxectivo e pronome. A conxugación activa e pasiva. Numerais. O infinitivo. O participio.
- Contidos mínimos de Latín I aprazados: Cum e ut.
- Os verbos depoñentes.
- Formas non persoais. O xerundio. O xerundivo. O supino. Sintaxe dos tres. Conxugación perifrástica.
- Verbos irregulares e defectivos.
- Relativo. Subordinadas de relativo.
- Regras de derivación e evolución de palabras do latín a galego e castelán.
- Expresións latinas de uso corrente na lingua actual: primeiras 50.
- Toponimia galega e castelá: 25 topónimos por trimestre
- Transmisión da literatura clásica. Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores.
- A historiografía: César, Salustio e Tito Livio.
- A Épica: Virxilio.
- Técnicas de tradución e análise morfosintáctica. Uso correcto do dicionario.
- Tradución de fragmentos seleccionados da obra de Eutropio.

2ª AVALIACIÓN

- Tradución de fragmentos da obra de Eutropio. A mediados de trimestre, tradución de Fábulas de FEDRO.
- Teatro romano: Plauto.
- A poesía lírica e elexíaca: Catulo, Horacio e Ovidio.
- Toponimia galega e castelá: 25 topónimos por trimestre.
- Expresións latinas de uso corrente na lingua actual: seguintes 50.

3ª AVALIACIÓN

- Tradución de Fábulas de FEDRO.
- Toponimia galega e castelá: 25 topónimos por trimestre.
- Expresións latinas de uso corrente na lingua actual: seguintes 50.
- Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.
- A oratoria: Cicerón.

**4. B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**
Aparece na táboa anterior.

**4. C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.** ANEXO I.
O número de alumnos permite seguir a diario os seus progresos e que a súa participación sexa constante.
A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas debe levarse a cabo por medio dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación do traballo diario
- Análise de tarefas.
- Realización de probas específicas.

***Traballo diario***
É fundamental a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:
-preguntas frecuentes na aula.
-seguimento do caderno do alumno.
-observación do grao de participación na clase.
Deste xeito o profesorado observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente. Como posible ferramenta para avaliar o caderno (os apuntes de clase e a resolución individual de actividades) achégase unha rúbrica (anexo I).

- As actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo, quedarán recollidas no caderno de clase, que será presentado para a súa valoración cando a profesora o requira.

***Probas específicas***
Poderán facerse:
-probas escritas con exercicios de morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía e latinismos.
-probas escritas ou orais do temario de literatura latina.

- As probas escritas ou controis orais servirán para comprobar a correcta asimilación do estudado. Se as circunstancias o permiten, haberá como mínimo por avaliación dúas ou tres probas escritas obxectivas e os alumnos/as disporán de información precisa sobre a puntuación de cada pregunta e os criterios de corrección.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA. (Común)

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non empregaremos un manual determinado para Latín II. É preferible escoller exercicios e temas entre as variadas posibilidades que se poden atopar.

A profesora proporcionará material elaborado por ela a partir de diversas fontes (textos proporcionados pola CIUG, numerosos manuais, páxinas de Internet…)
Tamén utilizaremos materiais nalgúns casos comúns á materia de Cultura Clásica (que poden ter cursada ou non), Latín e Grego:

- Dicionarios de mitoloxía.
- Dicionarios etimolóxicos de latín (e grego).
- Mapas.
- Dicionario de latín.
- Páxinas web e direccións moi interesantes para esta materia, como culturaclasica.com, culturaclasica.net/santillana, artehistoria.com, biografiasyvidas.com, santiagoapostol.net e outras que van aparecendo.

Sempre que sexa posible promoverase o emprego de medios informáticos que axuden á consecución dos obxectivos. Promoverase ademais o coñecemento e uso dos materiais cos que conta a biblioteca do noso centro, fomentando a lectura.

# 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

***Cualificación en cada avaliación***

**PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS:**

- Para todos os **bloques excepto o cuarto** haberá dúas probas por avaliación, de ser posible. De non conseguir un mínimo de cinco puntos sobre dez, poderán recuperar nunha proba ao final de curso. A nota resultante da media entre elas constituirá o **75% da cualificación deste instrumento**.

- Terán unha proba por avaliación relativa aos estándares dos temas do **Bloque 4 (Literatura latina)** que correspondan, na que haberá algunha pregunta para desenvolver e outras de resposta máis breve. De non conseguir un mínimo de cinco puntos sobre dez, poderán recuperar nunha proba ao final de curso. Este apartado suporá un **25%.**

Aínda que coa ponderación se chegase ao cinco, **para aprobar** será preciso obter **cinco puntos sobre dez na cualificación das probas de cada bloque (lingüístico/ non lingüístico); de non chegar ao cinco en cada parte farán a recuperación final correspondente**.

En cada proba os alumnos terán a pertinente información sobre a puntuación e cualificación e farase sempre a corrección na clase.

**OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DO TRABALLO DIARIO**

- Farase unha observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo. A profesora anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copialas de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase... Ese traballo diario na aula e na casa, indispensable para unha correcta asimilación da materia e unha progresión adecuada no proceso de aprendizaxe, será recollido de xeito completo, correcto, organizado e pulcro no caderno do alumno, que será presentado se o profesorado o require. Esa observación sistemática poderá ser cualificada ata 1 punto.

A observación do traballo diario permitirá **subir, manter ou baixar a nota** en cada avaliación ata 1 punto. Por ter esta posibilidade de mellorar co seu esforzo as súas cualificacións, redondearase á nota superior a partir de ,75.

Para aprobar cada avaliación deberán acadar un mínimo de cinco puntos (sobre dez) en todos os bloques.

***Cualificación na avaliación final ordinaria***

- **De ter aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final** farase coa **media** entre elas **(**100% da nota).

***Cualificación con proba final de recuperación***

- Haberá unha proba final de recuperación, con dous apartados para recuperar por separado o que sexa preciso:

- 75% : unha parte lingüística global (morfoloxía, sintaxe e tradución de textos, etimoloxía, latinismos e topónimos).
- 25% : unha parte non lingüística (Literatura latina) con tres apartados, un por avaliación.

Aprobarase cun mínimo de cinco (5) puntos sobre dez en cada parte.
**Para quen teña que recuperar só algunha parte, a cualificación final** farase coa **media** entre as tres avaliacións, contando as cualificacións obtidas no que se deba recuperar sempre que superen ás anteriores.

***Cualificación na avaliación final extraordinaria***

Será similar á proba final de recuperación. Non se considerará aprobado con menos de cinco (5) puntos sobre dez.

# 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Táboa para facer un seguimento entre a temporalización prevista e a real.

| **Estándares de aprendizaxe**<br>**LATÍN II**<br>**2º BACH.** | **Temporalización por avaliacións prevista** | | | **Temporalización por avaliacións real** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | × | | | | | |
| ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. | × | | | | | |
| ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilústrao con exemplos. | × | | | | | |
| ▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | × | | | | | |
| ▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | × | | | | | |
| ▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala | × | × | × | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | | | | | | |
| ▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | × | | | | | |
| ▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | × | × | × | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | × | × | × | | | |
| ▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | × | × | × | | | |

Poderemos servirnos tamén dunhas rúbricas que se achegan nos anexos II, III, IV, V para avaliar a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do ensino e o seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A avaliación dos alumnos pendentes da materia de Latín I levarase a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- Control do traballo persoal do alumno mediante a presentación periódica de exercicios entregados previamente pola profesora. Estes exercicios servirán para que o alumno profunde na gramática e reflexione sobre cuestións relacionadas co léxico. As dúbidas serán resoltas nun recreo cada semana.

- Realización de dúas probas globais escritas en datas fixadas de antemán pola Xefa de Departamento e/ou Xefatura de estudos. Se o alumno/a aproba a primeira, considerarase superada a materia; no caso contrario, poderá presentarse á proba final que se realizará antes da avaliación de remate do curso.

As probas extraordinarias serán globais e semellantes ás probas ordinarias finais de xuño. Nesa proba global a cualificación da parte lingüística (morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía, latinismos) será o 80% da nota, e a parte non lingüística o 20%. Poderá engadirse a esta nota, para subila, a puntuación das lecturas voluntarias das que se examinaran durante o curso (+0,25 por cada unha). Na proba aparecerá a puntuación correspondente a cada pregunta. Non se considerará aprobada con menos de cinco (5) puntos.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

Para os alumnos que se atopen nesta situación, a dinámica será a mesma que para os que teñan pendente a materia de Latín I.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR.

Ao inicio do curso faremos na clase un repaso global da materia de Latín I, coa participación activa de todo o alumnado. Deste xeito poderá detectarse se alguén presenta dificultades ou carencias e precisa dunha atención personalizada.

Non todos os alumnos teñen que ter cursada a materia de Latín I o ano anterior neste centro, polo que non é posible saber de antemán se realmente acadaron os mínimos para enfrontarse satisfactoriamente ás dificultades de Latín II.

Tras ese repaso farán unha proba escrita que servirá para realizar a avaliación inicial e será cualificada como primeira proba do curso.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ANEXOS VII, VIII. (Común)

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre os discentes impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispoñer de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo da aprendizaxe.

A atención á diversidade abórdase a través de:

• Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado e que axudan a reforzar os coñecementos.

• Axudas puntuais por parte da profesora.

• Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, proporcionadas pola profesora. Mentres se realizan estas actividades de reforzo ou recuperación en clase, aqueles alumnos que acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán que presenten un maior grao de complexidade, para afondar nos mesmos. De todos xeitos, polas características do curso de 2º de Bacharelato, a maior parte das traducións terán que facelas na súa casa con axuda de notas aclaratorias facilitadas pola profesora, e na clase procederase á corrección e resolución de dúbidas.

Intentarase seguir a diario o progreso de cada alumno, e detectar se é necesario axudar a algún que presente carencias dun xeito máis personalizado.

Estas medidas son válidas para todos os cursos e materias.

Achéganse nos anexos VII e VIII unhas rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual e no grupo.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS. (Común)

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. (Común)

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS. (Común)

A avaliación da programación didáctica permite determinar os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

**Proposta de avaliación da programación didáctica**

| | |
|---|---|
| Docente: | Curso e grupo: |

| | Aspectos a manter no próximo curso | Aspectos a mellorar no próximo curso |
|---|---|---|
| Cumprimento dos obxectivos xerais da programación | | |
| Desenvolvemento das unidades didácticas | | |
| Desenvolvemento das actividades programadas | | |
| Funcionamento das metodoloxías aplicadas | | |
| Utilización de recursos e materiais didácticos | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | |
| Funcionamento dos procedementos de avaliación | | |
| Pertinencia dos instrumentos de avaliación | | |
| Eficacia das medidas de recuperación | | |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | | |
| Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa | | |
| Dinámica do grupo | | |
| Participación en actividades extraescolares e complementarias | | |
| Medidas de atención á diversidade | | |
| Favorecemento da multidisciplinariedade | | |
| Favorecemento do tratamento integrado de linguas | | |

| | |
|---|---|
| Factores que favoreceron o cumprimento da programación | |
| Causas de non cumprimento da programación | |

# ANEXO I. RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO

| | EXCELENTE (9-10) | | AVANZADO (7-8) | | BÁSICO (5-6) | | ESCASO (0-4) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL | ▪ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | × | × | × | Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | PROBA ORAL OU ESCRITA |
| Bloque 6. Léxico | | | | | | |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. | × | × | × | Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. | × | × | × | Deduce e explica con bastante precisión o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. | OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. | × | × | × | Explica con bastante precisión o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. | OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. | × | × | × | Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. | OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. | × | × | × | Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. | × | × | × | Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro con bastante corrección. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. | × | × | × | Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica con bastante acerto o seu significado. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |
| ▪ CCL | ▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. | × | × | × | Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. | PROBA ESCRITA<br>OBSERVACIÓN |

# 4. A. TEMPORALIZACIÓN

Circunstancias diversas (enfermidades, imprevistos, actividades extraescolares programadas polos diversos departamentos, distintos ritmos de aprendizaxe...) fan aconsellable certa flexibilidade ao planificar a temporalización, e facela por avaliacións, e non por semanas ou sesións.
Dentro de cada avaliación, dúas ou tres probas serven para marcar unha temporalización mensual aproximada. Sempre entrará todo o estudado previamente, salvo nos temas de lingua grega (Bloque 1) e literatura (Bloque 4), dos que só serán avaliados cando corresponda.
A temporalización deste curso será a que segue:

**1ª AVALIACIÓN**
. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné. Do grego clásico ao grego moderno.
. Repaso e ampliación do estudado en Grego I, especialmente nos aspectos morfolóxico e sintáctico, coa fin de que poidan traducir e interpretar textos de moderada complexidade, coa axuda do dicionario:
**. Flexión nominal. Repaso e ampliación.**
A primeira e segunda declinacións. Exceptúase a declinación ática.
A terceira declinación, incluídos os substantivos e adxectivos irregulares máis comúns.
Os comparativos e superlativos, incluídas as formas irregulares máis comúns.
Numerais, determinantes e pronomes.

**. Flexión verbal.**

Verbos εἰμί, λύω (coma paradigma) e os temáticos con presente contracto.

O mecanismo do aumento e da reduplicación (agás a reduplicación ática).

O aoristo radical temático; o aoristo radical atemático.

**. Sintaxe.**

As oracións simples, o réxime dos casos, o valor e uso das preposicións, a concordancia, as voces pasiva e media, as proposicións coordinadas.

A subordinación: introdución ás subordinadas completivas; proposicións de relativo; usos e construción de participio incluído o xenitivo absoluto; introdución ás subordinadas de infinitivo.

. Iniciarase aos alumnos no uso e aproveitamento do dicionario e na tradución de textos escollidos do primeiro autor proposto: XENOFONTE. Os textos prestaranse non só ao comentario lingüístico senón tamén ao comentario histórico-cultural.

- Traballarase o xénero literario da épica e uns cantos da *Ilíada* (I, VI, XVI e XXII).
- Estudaranse etimoloxías dos termos de orixe grega máis frecuentes da linguaxe culta e técnica.

## 2ª AVALIACIÓN

**. Sistema nominal**

1.- Terceira declinación : esquema xeral.

2.- Usos do artigo

**. Sistema verbal**

1.- verbos oclusivos

2.- verbos líquidos.

. Sistema verbal. Os verbos atemáticos e os polirrizos máis frecuentes.

**. Sintaxe**

As oracións subordinadas circunstanciais: consecutivas, causais, temporais e finais.

. Traduciranse fragmentos das obras históricas de XENOFONTE (*Anábase*, *Helénicas*, *Ciropedia*).

. Traballarase o xénero literario da Lírica arcaica a través da lectura dunha escolma de poemas de Safo, Alceo e Arquíloco.

. Estudaranse etimoloxías dos termos de orixe grega máis frecuentes da linguaxe culta e técnica.

**3ª AVALIACIÓN**

. As oracións circunstanciais: consecutivas, comparativas, condicionais e concesivas.
. O adverbio.
. Traduciranse fragmentos das obras de XENOFONTE e/ou APOLODORO.
. Traballaranse os temas da Traxedia e a Comedia, e leranse as obras *Edipo rei* de SÓFOCLES e *As asembleístas* de ARISTÓFANES.
. Farase máis fincapé nas etimoloxías dos termos máis usados en linguaxe científica e culta.

## 4. B. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Aparece na táboa anterior.

## 4. C. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. ANEXO I.

O sistema empregado será o de avaliación progresiva para o apartado lingüístico. O número de alumnos permite seguir a diario os seus progresos e que a súa participación sexa constante.
A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas debe levarse a cabo por medio dos seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación do traballo diario
- Análise de tarefas.
- Realización de probas específicas.

***Traballo diario***

É fundamental a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:
-preguntas frecuentes na aula.
-seguimento do caderno do alumno.
-observación do grao de participación na clase.
Deste xeito o profesorado observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente. As actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo, quedarán recollidas no caderno de clase, que será presentado para a súa valoración cando a profesora o requira. Como ferramenta para avaliar o caderno (os apuntes de clase e a resolución individual de actividades) achégase unha rúbrica (anexo I).

***Probas específicas***

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, e serán tres como mínimo por avaliación. Poderán facerse:

-probas escritas con exercicios de morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía e helenismos.

-probas escritas ou orais do temario de literatura grega.

-probas orais de control de lecturas fixadas.

- As probas escritas ou controis orais servirán para comprobar a correcta asimilación do estudado. Haberá como mínimo por avaliación dúas ou tres probas escritas obxectivas nas que os alumnos/as haberán de responder con exactitude, claridade e pulcritude ás cuestións propostas. En cada proba disporán de información precisa sobre a puntuación de cada pregunta e os criterios de corrección.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA. (Común)

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Tendo en conta que os libros de texto en Bacharelato son recomendados e non obrigatorios, entre a numerosa oferta editorial calquera libro de texto pode ser válido como apoio. En Grego traballaremos basicamente nos temas lingüísticos e os de literatura cos apuntamentos da profesora, elaborados a partir de varios manuais como os das editoriais Baía, Anaya, SM, Hespérides, a Gramática Griega de Berenguer Amenós e o libro de exercicios de morfoloxía correspondente.

A profesora proporcionará outros materiais que amplíen ou ilustren o estudo dos diferentes bloques de contidos, nalgúns casos comúns á materia de Cultura Clásica (que poden ter cursada ou non) Latín e Grego:

- Dicionarios de mitoloxía.
- Libros de relatos sobre o mundo clásico como La vida cotidiana en Grecia de Flacelière o Historia de los griegos de Montanelli.
- Películas e documentais relacionados co mundo grecolatino.
- Artigos sobre arqueoloxía.
- Dicionarios etimolóxicos de latín e grego.

• Mapas.
• Páxinas web e direccións moi interesantes para esta materia, como culturaclasica.com, culturaclasica.net/santillana, artehistoria.com, biografiasyvidas.com, santiagoapostol.net.

Os textos para traducir serán proporcionados pola profesora, xunto con anotacións para facer máis doada a toma de contacto con textos orixinais de certa complexidade.

Dicionario de grego.
Sempre que sexa posible promoverase o emprego de medios informáticos que axuden á consecución dos obxectivos. Promoverase ademais o coñecemento e uso dos materiais cos que conta a biblioteca do noso centro, fomentando a lectura. Seguindo novamente as pautas marcadas pola CIUG nos cursos pasados (suxeitas a posibles modificacións) as lecturas que os alumnos deberán facer obrigatoriamente son:

- **HOMERO, Ilíada, Cantos I, VI, XVI y XXII.**
- **LÍRICA : SAFO, ALCEO y ARQUÍLOCO** (fragmentos elixidos).
- **ARISTÓFANES, As Asembleístas**
- **SÓFOCLES, Edipo rei**

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

***Cualificación en cada avaliación***

**PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS:**

- Para todos os **bloques excepto o cuarto** haberá dúas probas por avaliación. De non conseguir un mínimo de cinco puntos sobre dez, poderán recuperar nunha proba ao final de curso. A nota resultante da media entre elas constituirá o **75% da cualificación deste instrumento**.

- Terán unha proba por avaliación relativa aos estándares dos temas do **Bloque 4 (Literatura grega)** que correspondan, na que haberá algunha pregunta para desenvolver e outras de resposta máis breve. De non conseguir un mínimo de cinco puntos sobre dez, poderán recuperar nunha proba ao final de curso. Este apartado suporá un **25%.**

Aínda que coa ponderación se chegase ao cinco, **para aprobar** será preciso obter **cinco puntos sobre dez na cualificación das probas de cada bloque (lingüístico/ non lingüístico); de non chegar ao cinco en cada parte farán a recuperación final correspondente**.

En cada proba os alumnos terán a pertinente información sobre a puntuación e cualificación e farase sempre a corrección na clase.

**LECTURA DE OBRAS:** ata + 0,25 puntos cada obra por avaliación
En cada avaliación haberá un control oral das lecturas propostas (á espera de novidades manteremos o programa previo):

HOMERO, Ilíada, Cantos I, VI, XVI y XXII. (1ª avaliación)
LÍRICA: SAFO, ALCEO e ARQUÍLOCO (fragmentos elixidos). (2ª avaliación)
ARISTÓFANES, As Asembleístas. (3ª avaliación)
SÓFOCLES, Edipo rei. (3ª avaliación)

**OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DO TRABALLO DIARIO:** ata 0,5 puntos

- Farase unha observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo. A profesora anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copialas de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase... Ese traballo diario na aula e na casa, indispensable para unha correcta asimilación da materia e unha progresión adecuada no proceso de aprendizaxe, será recollido de xeito completo, correcto, organizado e pulcro no caderno do alumno, que será presentado se o profesorado o require. Esa observación sistemática será cualificada ata 0,5 puntos.

A observación do traballo diario permitirá **subir, manter ou baixar a nota** en cada avaliación ata 0,5 puntos. Por ter esta posibilidade de mellorar co seu esforzo as súas cualificacións, redondearase á nota superior a partir de ,75.

Para aprobar cada avaliación deberán acadar un mínimo de cinco puntos (sobre dez) en todos os bloques.

***<u>Cualificación na avaliación final ordinaria</u>***

- **De ter aprobadas as tres avaliacións, a <u>cualificación final</u>** farase coa **media** entre elas **(**100% da nota).

***<u>Cualificación con proba final de recuperación</u>***

- Haberá unha proba final de recuperación, con dous apartados para recuperar por separado o que sexa preciso:

- 75%: unha parte lingüística global (morfoloxía, sintaxe e tradución de textos, etimoloxía, helenismos).
- 25%: unha parte non lingüística (Literatura grega) con tres apartados, un por avaliación.

Aprobarase cun mínimo de cinco (5) puntos sobre dez en cada parte.
**Para quen teña que recuperar só algunha parte, a <u>cualificación final</u>** farase coa **media** entre as tres avaliacións, contando as cualificacións obtidas no que se deba recuperar sempre que superen ás anteriores.
Engadirase a puntuación obtida pola lectura das obras.

***<u>Cualificación na avaliación final extraordinaria</u>***

Será similar á proba final de recuperación. Aprobarase cun mínimo de cinco (5) puntos sobre dez. Engadirase a puntuación obtida pola lectura das obras.

# 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Táboa para facer un seguimento entre a temporalización prevista e a real:

| **Estándares de aprendizaxe GREGO II 2º BACH.** | **Temporalización por avaliacións prevista** | | | **Temporalización por avaliacións real** | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1ª** | **2ª** | **3ª** | **1ª** | **2ª** | **3ª** |
| ▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | × | | | | | |
| ▪ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. | × | | | | | |
| ▪ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. | × | | | | | |
| ▪ GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. | × | | | | | |
| ▪ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, | × | × | × | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. | | | | | | |
| ▪ GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. | × | × | × | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. | × | × | × | | | |
| ▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. | × | × | × | | | |

Servirémonos tamén dunhas rúbricas que se achegan nos anexos II, III, IV, V para avaliar a planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do ensino e o seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A avaliación dos alumnos pendentes da materia de Grego I levaríase a cabo por medio dos seguintes instrumentos :

- Control do traballo persoal do alumno mediante a presentación periódica de exercicios entregados previamente pola profesora. Estes exercicios servirán para que o alumno profunde na gramática e reflexione sobre cuestións relacionadas co léxico.

- Realización de dúas probas globais escritas en datas fixadas de antemán pola Xefa de Departamento e/ou Xefatura de estudos. Se o alumno/a aproba a primeira, considerarase superada a materia; no caso contrario, poderá presentarse á proba final que se realizará antes da avaliación de remate do curso.

As probas extraordinarias serán globais e semellantes ás probas ordinarias finais de xuño e setembro. Nesa proba global a cualificación da parte lingüística (morfoloxía, sintaxe e tradución, etimoloxía, helenismos) será o 80% da nota, e a parte non lingüística o 20%. Poderá engadirse a esta nota, para subila, a puntuación das lecturas voluntarias das que se examinaran durante o curso (+0,25 por cada unha). Na proba aparecerá a puntuación correspondente a cada pregunta. Non se considerará aprobada con menos de cinco (5) puntos.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

Para os alumnos que se atopen nesta situación, a dinámica será a mesma que para os que teñan pendente a materia de Latín I.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR.

Ao inicio do curso faremos na clase un repaso global da materia de Grego I, coa participación activa de todo o alumnado. Deste xeito poderá detectarse se alguén presenta dificultades ou carencias e precisa dunha atención personalizada.

Non todos os alumnos teñen que ter cursada a materia de Grego I o ano anterior neste centro, polo que non é posible saber de antemán se realmente acadaron os mínimos para enfrontarse satisfactoriamente ás dificultades de Grego II.

Tras ese repaso farán unha proba escrita que servirá para realizar a avaliación inicial e será cualificada como primeira proba do curso.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ANEXOS VII, VIII. (Común)

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre os discentes impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispoñer de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo da aprendizaxe.

A atención á diversidade abórdase a través de:

• Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado e que axudan a reforzar os coñecementos.

• Axudas puntuais por parte da profesora.

• Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, proporcionadas pola profesora. Mentres se realizan estas actividades de reforzo ou recuperación en clase, aqueles alumnos que acadaran satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán que presenten un maior grao de complexidade, para afondar nos mesmos. De todos xeitos, polas características do curso de 2º de Bacharelato, a maior parte das traducións terán que facelas na súa casa con axuda de notas aclaratorias facilitadas pola profesora, e na clase procederase á corrección e resolución de dúbidas.

Intentarase seguir a diario o progreso de cada alumno, e detectar se é necesario axudar a algún que presente carencias dun xeito máis personalizado. Sempre que sexa posible e os alumnos teñan interese, a profesora estará á súa disposición para resolver dúbidas tamén nos recreos.

Estas medidas son válidas para todos os cursos e materias.

Achéganse nos anexos VII e VIII unhas rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual e no grupo.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS. (Común)

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. (Común)

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS. (Común)

A avaliación da programación didáctica permite determinar os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

**Proposta de avaliación da programación didáctica**

| Docente: | Curso e grupo: |
|---|---|

| | Aspectos a manter no próximo curso | Aspectos a mellorar no próximo curso |
|---|---|---|
| Cumprimento dos obxectivos xerais da programación | | |
| Desenvolvemento das unidades didácticas | | |
| Desenvolvemento das actividades programadas | | |
| Funcionamento das metodoloxías aplicadas | | |
| Utilización de recursos e materiais didácticos | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | |
| Funcionamento dos procedementos de avaliación | | |
| Pertinencia dos instrumentos de avaliación | | |
| Eficacia das medidas de recuperación | | |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | | |
| Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa | | |
| Dinámica do grupo | | |
| Participación en actividades extraescolares e complementarias | | |
| Medidas de atención á diversidade | | |
| Favorecemento da multidisciplinariedade | | |
| Favorecemento do tratamento integrado de linguas | | |

| | |
|---|---|
| Factores que favoreceron o cumprimento da programación | |
| Causas de non cumprimento da programación | |

## ANEXO I. RÚBRICA PARA AVALIAR O CADERNO

| | EXCELENTE (9-10) | | AVANZADO (7-8) | | BÁSICO (5-6) | | ESCASO (0-4) | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **APUNTES** | Os apuntes están escritos, ordenados e presentados ben. | | Os apuntes están escritos, ordenados e presentados bastante ben. | | Os apuntes están escritos parcialmente e/ou con algo de desorde e/ou con presentación mellorable. | | Carece de apuntes ou falta a maior parte. A presentación é bastante deficiente. | |
| **CANTIDADE DE INFORMACIÓN** | Ten información de todos os temas e preguntas tratados. | | Ten información de todos os temas e da maioría das preguntas tratadas. | | Ten información de case todos os temas e preguntas tratados. | | Non ten información ou é moi escasa. | |
| **ORGANIZACIÓN** | A información está moi ben organizada con parágrafos ben redactados e con subtítulos. | | A información está organizada con parágrafos ben redactados. | | A información proporcionada está bastante organizada pero os parágrafos non están ben redactados. | | A información carece de estrutura e a redacción non é boa. | |
| **IDEAS RELEVANTES** | A información está claramente relacionada co tema principal e proporciona varias ideas secundarias e/ou exemplos. | | A información ten as ideas principais e unha ou dúas ideas secundarias. | | A información ten algunha das ideas principais. | | A información non ten ideas principais. | |
| **GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA** | Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | | Hai ata dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | | Existen ata catro erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | | Existen máis de catro erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación. | |
| **NÚMERO DE ACTIVIDADES RESOLTAS** | Realiza todas as actividades que se propoñen. | | Realiza máis do 85 % das actividades que se propoñen. | | Realiza entre o 85 % e o 70 % das actividades que se propoñen. | | Realiza menos do 70 % das actividades que se propoñen. | |
| **PROCEDEMENTO E RESULTADOS DE ACTIVIDADES RESOLTAS** | Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto. | | Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao bastante ben organizado e obtén o resultado correcto case sempre.<br>Reflicte no caderno case todas as correccións feitas na clase. | | Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto en máis do 70% das actividades resoltas.<br>Reflicte no caderno con algún erro as correccións feitas na clase. | | No desenvolve o procedemento e/ou non obtén o resultado correcto.<br>Reflicte no caderno con moitos erros as correccións feitas na clase. | |

## ANEXO II. RÚBRICA PARA AVALIAR A PLANIFICACIÓN.

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| PLANIFICACIÓN | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas. | | |
| | 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento. | | |
| | 3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. | | |
| | 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| | 5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e intereses do alumnado. | | |
| | 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. | | |
| | 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia. | | |

## ANEXO III. RÚBRICA PARA AVALIAR A MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| | 2. Formula situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos…). | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou con a súa funcionalidade. | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. | | |
| | 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase. | | |
| | 7. Promove a reflexión dos temas tratados. | | |

## ANEXO IV. RÚBRICA PARA AVALIAR O DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| DESENVOLVEMENTO DO ENSINO | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas… | | |
| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| | 3. Ten predisposición para aclarar dubidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |
| | 8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Formula actividades en grupo e individuais. | | |

## ANEXO V. RÚBRICA PARA AVALIAR O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente. | | |
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados con suficiencia. | | |
| | 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc. | | |
| | 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | |

## ANEXO VII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN | Non ten ningunha dificultade para entender os contidos. | Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade. | |
| | Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles. | Seleccionar os contidos significativos consonte á súa realidade. | |
| | Ten dificultades para entender os contidos que se formulan. | Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica. | |
| DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO | Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades). | Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poñer en xogo as súas capacidades. | |
| | Ten pequenas dificultades. | Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva consonte ás capacidades que se vaian adquirindo. | |
| | Ten dificultades. | Seleccionar aquelas tarefas consonte ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos. | |
| DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN | Amosa un gran interese e motivación. | Seguir potenciando esta motivación e interese. | |
| | O seu interese e motivación non destacan. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas. | |
| | Non ten interese nin motivación. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e próximas á súa realidade. | |
| DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS | Atopa solucións aos problemas que se formulan en todas as situacións. | Seguir fomentando esta capacidade. | |
| | Atopa solucións aos problemas que se formulan nalgunhas situacións. | Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade. | |
| | Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se formulan. | Propoñer problemas consonte ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas. | |
| DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN | Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección. | Propoñer tarefas que sigan perfeccionado a expresión oral e a escrita. | |
| | Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita coa fin de melloralas. | |
| | Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar. | |

## ANEXO VIII. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE NO GRUPO

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| DE COMUNICACIÓN | A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades. | Non se necesitan medidas. | |
| | A comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades. | Propoñer estratexias para mellorar a comunicación. | |
| | A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades. | Investigar a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE INTERESE E MOTIVACIÓN | O grupo está motivado e ten gran interese. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese. | Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado. | |
| | O grupo non ten interese e está pouco motivado. | Investigar a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE ACTITUDE E COLABORACIÓN | O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado ten boa actitude e colabora. | Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado. | |
| | O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas. | Investigar as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes. | |

ANEXO IX. MODELO DE EXAME DE GREGO II (2ª AVALIACIÓN)

APELLIDOS NOMBRE CURSO

1. <u>Analiza sintácticamente y traduce</u>: (7 puntos)

ʼΑλκιβιάδης δὲ ταῖς εἴκοσι τῶν νεῶν περιπλεύσας ἀπέβη εἰς τὴν γῆν. ἰδὼν δὲ ὁ Μίνδαρος, καὶ αὐτὸς ἀποβὰς ἐν τῇ γῇ μαχόμενος ἀπέθανεν· οἱ δὲ μετ᾽ αὐτοῦ ὄντες ἔφυγον. τὰς δὲ ναῦς οἱ ʼΑθηναῖοι ᾤχοντο ἄγοντες ἁπάσας εἰς Προκόννησον πλὴν τῶν Συρακοσίω ν· ἐκεῖνας δὲ αὐτοὶ κατέκαυσαν οἱ Συρακοσιοι.

2. <u>Analiza morfológicamente</u>: (1 punto, 0,1 por cada forma verbal)

περιπλεύσας
ἀπέβη
ἰδὼν
ἀποβὰς
μαχόμενος
ἀπέθανεν
ὄντες
ἔφυγον
ᾤχοντο
κατέκαυσαν

3. <u>Ambiente y motivos de la poesía de Alceo.</u> (2 puntos)

MODELO DE EXAME FINAL APELLIDOS NOMBRE CURSO

TRADUCCIÓN (7 puntos) *Llega a Atenas la noticia de la derrota definitiva.*

- Traduce:

Eν δε ταῖς᾽ Αθήναις τῆς Παράλου ἀφικομένης νυκτος ἐλέγετο ἡ συμφορά, καὶ οἰμωγη ἐκ τοῦ Πειραιῶς δια τῶν μακρῶν τειχῶν εἰς ἄστυ διῆκεν, ὁ ἕτερος τῷ ἑτέρῳ παραγγέλλων· ὥστ᾽ ἐκείνης τῆς νυκτος οὐδεὶς ἐκοιμήθη, οὐ μόνον τους ἀπολωλότας πενθοῦντες, ἀλλα πολυ μᾶλλον ἔτι αὐτοὶ ἑαυτούς.

NOTAS:
νυκτος,genitivo de tiempo.
παραγγέλλων tiene como complemento directo sobreentendido την συμφοράν.
ἀπολωλότας: participio de perfecto de ἀπόλλυμι.
Los plurales πενθοῦντες y αὐτοὶ ἑαυτούς concuerdan por el sentido con el singular anterior οὐδεὶς

VOCABULARIO Αθηναί, -ῶν *Atenas* (ciudad); Πάραλος, -ου: *Páralo* (nombre de una nave oficial) Πειραειύς, έως: *Pireo* (puerto de Atenas).

- Contesta a dos de estas cuatro PREGUNTAS: (2 puntos, 1 por pregunta)

1. Análisis morfológico de παραγγέλλων y de πενθοῦντες.
2. Análisis sintáctico de: Eν δε ταῖς᾽ Αθήναις τῆς Παράλου ἀφικομένης νυκτος ἐλέγετο ἡ συμφορα.
3. Obras de Jenofonte.
4. Cita y explica algunos ejemplos de vocabulario actual relacionados con ἕτερος y con μακρός.

- Contesta obligatoriamente una de estas dos PREGUNTAS: (1 punto)

1. Argumento de Las Asambleístas de Aristófanes.

2. El mito de Edipo.